
AGRUPACION FOLKLORICA
CANTIGAS E AGARIMOS



BODAS DE OURO

1921 ★ SANTIAGO DE COMPOSTELA ★ 1971

AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA GALEGA
CANTIGAS E AGARIMOS
SANTIAGO

MEMORIA

DAS XORNADAS COMEMORATIVAS
DOS 50 ANOS DE VIVENCIA

1921 - 1971



SANTIAGO, 1972

Feita na Imprenta do Seminario



EMMO. E REVMO. SEÑOR
Dr. D. FERNANDO QUIROGA PALACIOS
CARDEAL - ARCEBISPO DE SANTIAGO

† 7 · XII · 1971

LEMBRANZA

Con toda anguria e acoramento que a perda dun pai fai sentir no seo dunha familia, eisi «Cantigas e Agarimos», considérase orfa e fondamente apenada polo pasamento do que en vida fora pai espiritual de tódolos galegos, Cardeal Arcebispo de Santiago e Presidente da Xunta de Honor nas Bodas de Ouro da Agrupación.

Don Fernando, que ocupóu a sede episcopal ó longo de 22 anos, tivo tamén tempo pra a dicarllo a outras cousas que directamente pouco tiñan que ver co seu sagro Ministerio, e polas que amostraba un interés e unha inquedanza que sóio nun alma ateigada de bondade e nun peito xeneroso poderían ter cabida.

Eisi a nosa Agrupación atopóu decote en él un esgrevio valedor, un entusiasta conselleiro e un xeneroso donante.

Si contra vento e maruxía poido «Cantigas e Agarimos» imprantar a Misa Galega en Santiago, a él se lle debe.

Si a Comemoración das suas Bodas tiveron na parte relixiosa unha brillante e maxestuosa solenidade —ca presencia e participación persoal do ilustre Purpurado na Misa Concelebrada en galego e na contestación á Ofrenda presentada—, foi porque a sua simpatía pola nosa laboura e a sua condición de bon galego movía agarimosa a sua vontade.

Non era, certamente, este tristeiro limiar co que arelábamos abrir a reseña das xubilosas xornadas nos 50 anos de vida artística; non. Mais, polo enriba xa dito, é pra nós un deber de gratitudade honrar a quen tanto nos honróu.

Quede, pois, como cativo Homenaxe póstumo a tan grande Cardeal galego, a sinxela lembranza da sua persoa na primeira páxina desta Memoria.

Si polos seus grandes merecementos e virtudes o noso Arcebispo ten, sin dúbida, un posto na Groria, temos por certo que dende ali o seu corazón seguirá dándonos probas do mesmo agarimo e xenerosidade.

CANTIGAS E AGARIMOS.

*«Coma nun alma triste
pousa un soño dourado»
que a Cantora dixerá,
eisí pra tantos,
alonxados,
nunca esquenidos,
os acentos
de «Cantigas e Agarimos».
Nos beizos unxidos da mocedade.
Saudosas, baixo as ramalladas do Sar.
Ó amor da noite azul de Agosto.*

O Marqués de Figueroa.

Xustificación

Ninguén poderá valorar na sua xusta medida o que supón a per vivencia dunha coleitividade artística coma a nosa no percorrer de 50 anos. Ninguén, tampouco, que non formase nas suas ringleiras como corista ou direitivo, poderá ter unha certeira ou aprousimada visión do que supuxo mantela en pe nese medio século.

Sin axuda oficial ningunha, unhos e outros, aportando acotío o seu sacrificio persoal nuns cansos e penosos ensaios ou na dirección; percurando atopar solución ós problemas económicos valéndose das amistades ou resolvéndoos ca sua faltriqueira; sendo vítimas, por enriba, da incomprensión e da rexouba, cando o único fin que se persigue non é outro que a defensa, espallamento e conservación dun patrimonio espiritual que, por ser noso, de todos, estamos na obriga de protexer...

Eses direitivos,eses rapaces e rapazas, a quen se lles podería chamar con verbas de Pondal, «Bos e xenerosos», porque entenden e atenden a chamada da Terra, e que moitos deles se volveron vellos nesa laboura agarimosa, eran merecentes dunha lembranza individual que non se atopaba posibilidade de levala a cabo por moi variados inconvenientes.

Pra suprila, tempos atrás estabreceuse a festa anual do «Día do Corista». Pra compensala en parte, agora pensóuse nunha grandiosa celebración das Bodas de Ouro e na pubricación logo da Memoria que as refrexase, con abondosa información gráfica de distintas épocas da vida do Coro. Ese coidamos que era, anque probe, o mellor homenaxe que podía facérseles a cantos pasaron por él.

Mais tamén prós colaboradores, e pra cantos nos axudaron moral e materialmente a celebrar tal data, era indispensábel ofrecerllés a mostra do noso agradecemento. Velahí xustificado o dar ó prelo a reseña da Comemoración dos 50 anos de vida artística de «Cantigas e Agarimos».

Todo canto se fixo nun e noutro senso, poido mellorarse, e reconocéndoo eisí pregamos se nos perdoe. Puxemos toda a nosa sabencia e entusiasmo en facelo ben. Si eisí non foi, cúlpese á nosa incapacidade. Mais téñase en conta, que quen dá canto sabe, canto pode e canto ten, non se lle pode pedir máis.

Alvaro Castro Faya.



D. ANGEL JOSE PORTO ANIDO

Presidente de la Excma. Diputación Provincial de La Coruña

Distinguido Socio Protector de CANTIGAS E AGARIMOS

y generoso cooperador a la brillantez de los actos del Cincuentenario



*Excmo. Diputación Provincial
La Coruña*

Manifestar a quien tiene merecimientos logrados la felicitación, y el hacer justicia de ellos valorándolos ante la comunidad, no sólo es satisfacción para quien lo expone, sino deber de justicia.

En este caso es para mí, por razones de contactos ya con recuerdos de algunos años, por vecindad y circunstancia de nacimiento, agradable misión la de unirme con estas líneas al homenaje que es debido al coro «CANTIGAS E AGARIMOS» de Santiago de Compostela.

Pero a todas estas razones he de unir el agradecimiento que en estos momentos obligado es rendir, como Presidente de la Excma. Diputación, a quienes con su esfuerzo y servicio individual en diario quehacer de ensayos y actuaciones, coronan su trabajo profesional, con una noble y artística dedicación, que conserva y da a conocer los bellos y dulces cantos de nuestra Galicia, a la par que articula la leal convivencia de quienes forman esta agrupación coral.

Para todos los miembros para la Coral «CANTIGAS E AGARIMOS», con el agradecimiento y reconocimiento por su valor, su esfuerzo y su entrega, la manifestación de sincero afecto.

ANGEL PORTO ANIDO
Presidente de la Excma. Diputación
Provincial de La Coruña



Excmo. Sr. D. Juan Gil Armada

Marqués de Figueroa

Presidente de Honor

de « Cantigas e Agarimos »

**cuyos destinos rigió con gran acierto
desde 1953 a 1969**

LA tierra gallega toda es canción inspirada e inspiradora. Su acento ha recogido el rumor eterno del océano al romper bravamente ante los cantiles de Corrubedo o de Muxía o el susurro de la onda leve que muere y nace en la sutil arena de la playa arosana. Testigo de remotas edades la oscura armonía del viento, hermano del que Chateaubriand evocaba, en las carballeiras de otoño. Cristal de nostalgia en la voz de la moza del Ulla o dictorio en las broncas gargantas valleinclanescas.

« Cantigas e Agarimos » de todo ello índice, eco, blasón. Al cumplir su cincuentenario, aquellas fechas compostelanas del mes de San Juan conmemorativo semejaban aportar al amor de la Coral la ofrenda fresca y pura del nombre de Galicia.

El Marqués de Figueroa.

Peregrinando con «Cantigas e Agarimos»

La veterana sociedad cultural y folklórica «Cantigas e Agarimos», de Santiago de Compostela, ha querido celebrar la coincidencia de sus Bodas de Oro con el Año Santo con una peregrinación al Sepulcro del Apóstol. Y ha conseguido su animosa directiva, la que desde hace unos años rige sus destinos, dar forma a una de las peregrinaciones más coloristas del Jubileo de 1971.

«Cantigas e Agarimos» goza de universales simpatías, porque, luchando siempre con la escasez de medios con que suelen contar este tipo de sociedades, supo dar forma digna a la expresión del baile y del canto de nuestra tierra y de nuestros mayores. «Cantigas e Agarimos» es como el arca donde se guardan los paños valiosos de antaño en el campo del folklore y, a la vez, el laboratorio en el que sus maestros, algunos de ellos verdaderos intuitivos de la música y de la danza, actualizan al gusto de los nuevos tiempos, sin restar ninguno de los valores añejos, los ritmos estéticos, tanto en el sonido como en el mimo, que nos legaron generaciones viejas. La agrupación compostelana es, pues, una interesantísima contribución a la supervivencia de la cultura gallega.

Y, porque es querida, vio con gozo cómo se dieron cita en Compostela representaciones venidas de todos los rincones de la galleguidad, que son tan amplios como los del mundo, hombres y mujeres que quisieron sumarse a esta celebración jubilar, que era repaso alegre del pasado y esperanzadora programación del futuro. Una romería ésta de «Cantigas e Agarimos» con todas las de la ley. Con formación en la Alameda, para tributar, antes de partir para la Catedral, el homenaje a la Rosalía que cantó al Pórtico de la Gloria, y con la Misa



M. I. Sr. D. Xesús Precedo Lafuente

Segredario da Xunta do Ano Santo

Destacado membro do Cabildo Metropolitano e principal forxador do inusitado esprendor que con queriron os Anos Santos de 1965 e 1971

«Cantigas e Agarimos» quér deixar mostra nesta Memoria, do agradecemento que lle debe ó Sr. Precedo: primeiro, por honrarnos como Socio Proteutor dende fai moitos anos; segundo, pola parte importantísima que tivo na organización das Bodas de Ouro; e terceiro, pola sua colaboración literaria nesta mesma Memoria.

ante el altar mayor de la iglesia del primero de los gallegos, Santiago el Mayor.

En la Catedral estaba el Cardenal de Galicia, como muchas veces se preció de titularse —con santo orgullo de agradecimiento a la tierra que le vio nacer, pero sin particularismos que no cabían en su corazón ecuménico—, nuestro llorado Arzobispo Monseñor Quiroga Palacios. Hasta quiso en ese día celebrar la Santa Misa en la lengua de nuestra región, quizá por vez primera en su vida, y quiso también contestar en el mismo idioma, hecho para hablar con agarimo a un Dios que quiere nuestro amor, a las palabras vibrantes y sentidas del presidente de la entidad, Alvaro Castro.

La gaita y el pandero, la pandereta

y el bombo, el alalá y el aturuxo se mezclaron ese día con la plegaria, porque era día de jubileo. Es decir, de alegría; pero, sobre todo, de peregrinación, y el peregrino tiene que orar. Alguien dijo que Santiago, que siempre ríe sonríe en ese día con especial predilección, porque la risa del Apóstol no es sarcástica, sino expresión de la bondad de su alma, de la alegría de su corazón. Y los peregrinos de «Cantigas e Agarimos» eran sus predilectos, porque en ellos veía a los hijos de aquellos que un día acogieron dócilmente el anuncio de salvación que él viniera a traer.

Sonreía también complacido, porque la unidad expresada en ese día por los peregrinos de «Cantigas e Agarimos» no es flor de un día, que en seguida se aja y hay que tirarla. La agrupación que tan alto deja el pabellón de Compostela y el del folklore gallego es, además, una familia muy compacta, en la que las distintas generaciones conviven armoniosamente, esquivando esas diferencias que por doquier se aprecian en nuestro tiempo, y transmitiéndose los padres a los hijos y éstos a los suyos, en teoría que no se cierra nunca, el amor a la tierra, el amor a sus hombres y el amor a sus cosas.

Y ésta es una magnífica cualidad que el firmante quiere destacar como valor humano permanente de «Cantigas e Agarimos» en el momento de dejar constancia de la profundamente grata impresión recibida con su peregrinación del pasado junio. Hasta se siente tentado de decir, sin considerar que caiga en la exageración, que la peregrinación de «Cantigas e Agarimos» no ha concluido, sino que la agrupación es una eterna peregrina que, a través del tiempo, se preocupa de mantener vivo el fuego de la antorcha de nuestras mejores tradiciones, de esos recuerdos —sin olvidar al de la fe— que son capaces de dar continuidad a nuestra tierra. Por eso me he unido hace años a sus filas.

Jesús Precedo Lafuente



*Fai catro anos, por ter chegado ó cumio dos
oitenta, acadando a xubilación de Cadeirádego
da nosa Universidade, éralle tributado un
agarimoso homenaxe a D. Ramón Otero Pe-
drayo en Compostela, marco axeitado das
querencias e sentimentos do Señor de Trasalba.*

*«Cantigas e Agarimos», feneda aberta a
cantas inquedanzas e aitividades percurren o
ben da nosa terra e a honra dos seus fillos,
tamén estivo presente. Quixo sumarse á xubi-
losa xornada de honrar ó Patriarca das Letras
Galegas, ó polígrafo e prolífero cantor das
virtudes e grorias de Galicia.*

*O ledo son das suas gaitas, espallado polo
enmarcado secular da Praza do Obradoiro,
era acollido polos adrezos barrocos da Cate-
dral, que con folgos renovados volvían a xiscar
en ecos melodiosos de cantigas de amor, de
lembraza, de agarimoso homenaxe, de infin-
das arelas e agoiros por unha alongada per-
vivencia do seu máis namorado cantor.*

Evocación Compostelán

Non fai moitos días, nun dos de rraideiros do inverno, os nosos camiñares fantasiosos de vello leváronnos a unha fonda e estesa carballeira da montaña. Era belida e fidalga, ca beleza emocionante de algunhas velliñas aldeás no cerne de cuios ollos griseiros semella dormir a verde primavera. Os grises case rosados das carballeiras no espidire do inverno teñen a beleza de algunhas cabeleiras de dona e a dos ouricelos e liques que decoran as pedras dos pazos e as ermidas.

Como nun templo, sobrecoilidos, entramos na noble carballeira cuios grises no ceo eran apañados polas nubes. Houbo nos outros ramos un intre coor viño de Champaña: é a fantasía dos gromos ainda non espeillados en verdecer. Iste agardar polo nacemento das mil língoas albeías das follas é unha das escelenzas das carballeiras maiorazgas. Entón pensamos en Compostela: nos seus grises, no agromado románico ou barroco das suas pedras, nos seus silenzos polos zocos e as falas dos labregos non crebados. E nisto naceu un xentil bruído, un sonoro rumor crecedoiro foi rubindo e enchendo a carballeira. Chovía. Con ritmo e elegancia. Como respondendo ó desejo de enteirar frases

que dixeran a misteriosa beleza polo silenco da carballeira pechada. I-entón pensei millor, máis dono de min e da lembranza, en Compostela. Onde cando nace a chuvia semella acariñar albres e ponlas e un ulido de estaxes de follas murchas nos enche e nos aleda como o recendo dos tempos pasados. E entón meus pensamentos compostelás chegaron ledamente a unha fermosa e más verdadeira conclusión: agora a carballeira emozoada ó respondere á invitación do chover é Compostela ergiendo as suas voces voces conxuntas, as más homildes, non menos fermosas do que as outas e soantes no coral de torres, craustros e quintáns e nas execuciós de «Cantigas e Agarimos». Pois ten a louzanía e a gracia doncel, a gravidade do coral das terras e o cantigar das fontelas, o scherzo dos mozos estudantes e o fermoso repouso antigo. Cantan como a carballeira, como Compostela, os homes e as donas, as mociñas e mozos, ordeado en ramo de sentimento e amor á Terra, de «Cantigas e Agarimos» xubiloso chover de primavera na carballeira poderente e fonda, de eternos motivos, de Santiago de Compostela.

R. Otero Pedrayo



Bodas de Oro de CANTIGAS E AGARIMOS

Magnífica e inolvidable resultó la jornada vivida en Santiago de Compostela el 27 de junio para celebrar las bodas de oro de la agrupación «Cantigas e Agarimos», que por orden de antigüedad ocupa actualmente el cuarto lugar entre las colectividades artísticas fundadas en Galicia para seguir la línea trazada con singular ejemplo por el famoso boticario poncevedrés D. Perfecto Feijóo Poncet.

Hacía un tiempo espléndido, cuando dieron comienzo los actos programados, con un homenaje llevado a cabo en la Alameda por todos los Coros Gallegos ante la estatua de Rosalía Castro. Luego estas agrupaciones, formando una polícroma y bien organizada comitiva, presidida por las autoridades, se encaminaron por las principales rúas compostelanas hacia la Catedral. La Banda Municipal que abría la marcha no cesó de interpretar durante el trayecto el Himno oficial del Apóstol, mientras las gaitas espacián su nota típica por todo el recorrido.

Una vez todos en el templo, fue celebrada una Misa, la primera y única dicha en gallego por el llorado Cardenal Quiroga Palacios, tan amante que fue de su tierra; y a continuación, en brillante recepción organizada en el Palacio de Rajoy, el Alcalde de la ciudad entregó un valioso trofeo al Presidente del Coro local y la representación de la Real Academia de Bellas Artes impuso en el estandarte una artística corbata conmemorativa.

Al mediodía, cerca de un millar de comensales se sentaron a la mesa en el amplio Patio de Cristal del convento de San Francisco para dar cumplida cuenta de un espléndido y típico «xantar de confraternidade». Y a la caída de la tarde se dio clamoroso final a los actos con un magno festi-



D. ADOLFO ANTA SEOANE

Académico da Real Academia Provincial de Bellas Artes
a quem se lle debe a Iniciativa da creación
do Premio "Marcial del Adalid"

Honra as páxinas desta Memoria a pruma e
a foto adicada tan agarimosamente á nosa
Agrupación polo Mtre. Anta Seoane, ilustre
músico e director de coros.

A sua persoalidade no campo folklórico ga-
lego é dabondo conocida e valorada e non
preciso que nós a destaquemos.

Foi director de «Cántigas da Terra», durante
23 anos; de «Brétemas e Raíolas», de «Atu-
ruxos», da Masa Coral da Fábrica de Tabacos
e de outras Agrupacións corais coruñesas.
Autor de numerosas e inspiradas partituras
líricas e de carácter popular; acertado ama-
ñador e armonizador dos más variados temas
da música enxebre.

val folklórico en la Plaza de la Quintana, a cargo de todos los Coros que, según iban apareciendo para actuar en el tablado, hacían entrega de sus respectivos regalos-recuerdo a la Colectividad homenajeada. Acto hermoso, como todos los verificados en este memorable día, que pusieron de manifiesto el auténtico espíritu de hermandad que une a estas agrupaciones, tan identificadas en el afán de exal-

tar a Galicia con la más idónea interpretación de sus típicos cantares y bailes.

Todo lo más hermoso y sincero de nuestros sentimientos raciales fue puesto a contribución del éxito de una gloriosa jornada, en la que se rendía justo tributo de admiración a una colectividad fraterna que acababa de cumplir medio siglo de existencia, venciendo con admirable tesón toda clase de adversidades, que no pocas veces pudieran poner en peligro su misma pervivencia.

Con cierta emoción acudían a nuestra memoria otras fechas similares pasadas en El Ferrol y La Coruña (bodas de oro de «Toxos e Froles» y «Cántigas da Terra», respectivamente) y aquellos otros grandes días de las fiestas de la Peregrina, cuando todos Coros se preparaban con el mayor entusiasmo, dispuestos a dejar en buen lugar su respectivo pabellón en el magno festival que una vez al año tenía como marco la plaza de toros de Pontevedra, ante la señera figura de Feijóo.

No. Tampoco lo podrán olvidar los veteranos coristas que participaron en alguna de estas efemérides, ni los directivos y otras personalidades que de alguna forma hicieron posible con su entusiasmo la celebración de aquellas patrióticas jornadas.

Por esta misma razón hemos de felicitar a todos cuantos, alrededor del emprendedor Presidente actual de «Cantigas e Agarimos», don Alvaro Castro Faya, posibilitaron la celebración de un día tan grande para Galicia como el que tuvo lugar en la ciudad del Apóstol el 27 de junio de 1971.

En la presente ocasión tampoco puede soslayarse el recuerdo de aquellos que pusieron el mayor esfuerzo para ver convertido en realidad su dorado sueño de constituir en Santiago una Colectividad sólidamente cimentada, con vida perdurable y fructífera, siempre dispuesta a cumplir fielmente los fines para que fueron creados los Coros Gallegos.

Los componentes de «Cantigas e Agarimos» se distinguieron siempre a la hora de honrar la memoria de los «viejos», buena prueba de ello es la acertada colocación en sitio preferente de la Sala de ensayos de un hermoso busto del maestro Bernardo del Río, director que fue durante muchos años y organizador del Coro bajo el título que hoy ostenta.

También con el mayor esplendor se llevaron a cabo en su local social sesiones extraordinarias, con feliz intervención de su entonces Presidente Marqués de Figueroa, para entregar la medalla de constancia del Premio «Marcial del Adalid» a los beneméritos coristas D. Alfonso Fraga, D. Manuel Pita, D. Rafael Rey y D. Vicente Juzgado; y la última imposición de dicha condecoración se hizo al incansable D. Crisanto Sanmartín en los jardines del evocador Pazo de Oca.

Las puertas de la Sociedad están abiertas en todo momento para recibir con franca alegría a las demás colectividades similares y dentro se respira un encantador ambiente, el de la clásica hidalgüía compostelana.

Podemos asegurar que esta magnífica solera data, cuando menos, del año 1885, que fue cuando se organizó el primer Orfeón Valverde, lejano predecesor de «Queixumes dos Pinos», que por forzoso cambio de título (después de superada la crisis gripeal de 1918) dio lugar al actual de «Cantigas e Agarimos». Y, no cabe duda, que a ello contribuyó señaladamente el apoyo e influencia que en el transcurso del tiempo fue recibiendo de las más genuinas sociedades locales.

Todos cuantos intervinieron, pues, en la consecución del brillante histórico de este Coro, son acreedores a la gratitud de los buenos gallegos que hacen firme el deseo de que su magnífica marcha no se vea nunca detenida por ningún impedimento insalvable, para el mayor auge artístico y racial de nuestra tierra «meiga».

Adolfo Anta Seoane

Agradecemento a "Cantigas e Agarimos"

Un pobo é algo máis que unha xeografía e uns homes. É tamén unha historia e unha tradición. Historia e tradición son a alma dun pobo que se manifesta de moitas maneiras: na fala, nas costumes, na filosofía popular do refraneiro, nas cancións, na danza, na visión que se ten da vida e da morte, no arté...

Hoxe, áinda que sexa lamentabre decilo, temos que recompoñer de novo a alma do noso pobo. Unha serie de razóns, que non ven ó caso espoñer, confundiron, pervertiron o espírito das rexións, no intento de integralas nunha especie de alma colectiva, mesturando na probeta nacional tódalas patrias e tódolos valores propios, pra facer unha cousa nova e artificial.

Hoxe, non escruídos os máis convencidos unitaristas, están xa todos de volta. Os estudos políticos, económicos e antropológicos revelaron que o enriquecemento da unidade percúrase ó traveso do enriquecemento das individualidades patrias. A Igrexa, no Vaticano II e en documentos recentes da meirande importancia, afirmou tamén os dereitos das minorías a facer a sua vida dacordo ca sua tradición.

Deixuí que agora teñamos que refacer o verdadeiro rostro do noso pobo, eliminando todo aquello que non pode ser assumido na nosa cultura e que foi imposto por un secular colonialismo. Pra esto temos que facer o camiño ó revés, río arriba, deixa topar as fontes, as augas puras e incontaminadas. Nesta laboura os galegos non podemos conceder monopolios nin

escrusivas a ningún grupo intelectual, relixioso ou ideolóxico. Todos temos que arrimar o lombo: os filólogos, os antropólogos, os historiadores, os poetas que son quezáis os que mellor coñecen as esencias da alma popular, os filósofos, os músicos, os cregos, o pobo que traballa, canta e fala en galego.

Aquí radica, ó meu ver, o mérito nunca ben gabado, das institucións que se adicaron e adican a conservar a vida e as costumes dos nosos vellos: as corales, os grupos de teatro, de gaitas, as sociedades culturais, etcétera. Todas estas institucións, consciente ou inconscentemente salvaron pra nós e pra mañán uns valores que axudarán a recompoñer o estilo do noso pobo, a alma da nosa Galiza. Estas institucións viviron a vida do pobo, non estiveron alonxados dél como os intelectuais puros. Estas institucións mantiveron e manterán as esencias populares co agarimo das cousas que ben se queren.

«**Cantigas e Agarimos**», como tódalas institucións somellantes, merecen o recoñecimento dos composteláns e de toda Galiza. A sua xa longa vida estivo sempre ó servicio dos outos valores galegos. O seu camiño non se torceu. Está en boas mans. «**Cantigas e Agarimos**» ten un espírito rexo que a mantén viva, e que lle da folgos pra mirar o porvir con espranza.

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Diretor de «*Compostellanum*».
Da Academia Galega.

Bodas de Ouro de «Cantigas e Agarimos»

XEIRA PREPARATORIA

Si en todos os estamentos da sociedade no percorrer da vida houbo decote outos e baixos, intres de frolemento e éxito, seguidos de crisis longas ou pasaxeiras, lóxico é supoñer que os agrupamentos folklóricos, polo seu caráter de aficionados, tiveron que pasar pola mesma peneira, ou ó menos, polo baruto, con más razón que ninguén.

«Cantigas e Agarimos» pasou por todas esas rexeiras. Mais cando as suas forzas xa fraqueaban, milagreiramente atopaba xeito de revitalizalas, pra seguir vivindo. Eisí tivo agora a ledicia de festexar o medio século con toda solenidade.

A MISA GALEGA

Precisamente, unha das raxeiras pola que pasaba no ano 1967, dou pé pra que tres ou catro sacrificados direitivos buscasen o remedio axeitado pra combatila. E atopárono na imprantación da Misa en Galego en Santiago, que non foi moi doado de conquerir —inda que estrane a moitos—, polas voltas e reviravoltas que lles fixeron dar ós que arelaban tal fin. Foi, pois, «Cantigas e Agarimos» quen logrou pra Compostela que poideran os galegos falar con Deus con toda sinceridade e confianza e con verbas saídas do corazón, na Santa Misa.

O 3 de Marzo do ano 1968 decíase a primeira Misa na Igrexa de San Benito do Campo. O Rdo. D. Xosé Ramón Fernández oficiouna e espricou o evanxelio, co seu fogoso verbo enxebre. D. Xosé Luis Goris preparou e dirixiu os cantos, que na nosa meiga-fala fanse más místicos, más relixiosos e afervorados, ca colaboración dos coristas eisistentes. Rodolfo, Xixirei, Alvaro e outros compoñentes da Agrupación, turnábanse na dirección, nos comentos e na leitura das Epístolas.

O éxito foi grande e no terceiro domingo foi preciso trocar de iglesia, pois

resultaba cativa. Levouse pra Capela das Ánimas, onde dende entón sigue celebrándose, ás doce da mañán. Ano e medio arretoivo «Cantigas e Agarimos» a Misa Galega ó seu cargo cuase escrusivo.

ENDEREITASE A MARCHA DO CORO

O Sr. Goris Picón, suprindo a sua falta de tíduos musicales ca sua grande afición e marcado entusiasmo, puxo a camiñar o Coro, alternando o ensaio dos cantos relixiosos cos folklóricos, e chegando a facer varias actuacións con programas non moi longos, pro ben amañados e xeitosos, a pesar de que os coristas eran cuase que todos novos.

Pra que tan boa marcha coral fose a máis, veuse a necesidade de buscar novos directivos tamén, pois por abandono de úns e desgana de outros, había quedado a Xunta tan degaxada que a formaban tres ou catro compoñentes.

Fixérонse as xestiós pertinentes na percuria de persoas que poideran axudar e, xa comprometidas algunas, convocouse Xunta Xeneral, que se celebrou o 4 de maio de 1969.

O Sr. Marqués de Figueroa, Presidente da Agrupación dende o ano 1953, puxo á disposición da Xunta Xeneral os cargos de todos os directivos.

NOVOS DIRIXENTES

Eixeuse novo Presidente, que foi a recaer no socio e antergo corista D. Alvaro Castro Faya, concedéndolle a Xunta Xeneral a facultade de escoller entre os socios aquelas persoas que, sendo da sua confianza, de reconocida valía e interesados pola boa marcha da Agrupación, poidesen axudarlle na misión que se lle encomendaba, ocupando os cargos directivos vacantes.

Sete días despois, ca presencia de numerosos socios, coristas e directivos cesantes,



No teatro do Colexio «Manoel Peleteiro», xentilmente cedido, celebrou «Cantigas e Agarimos» o festival comemorativo do «Día das Letras Galegas 1969», ca intervención do Coro, Grupo de Baile e de Teatro

foron presentados os novos direitivos propostos polo Sr. Castro Faya, trocándose os poderes de úns a outros, e ficando a Xunta formada por:

Presidente:

D. Alvaro Castro Faya.

Vicepresidente 1.º:

D. Manoel Suárez Moscoso (reelexido).

Vicepresidente 2.º:

D. Xoán Iglesias Pérez.

Segredario:

D. Crisanto Sanmartín Beiroa (reelexido).

Contador:

D. Xesús Sueiro Rodríguez.

Tesoureiro:

D. Rodolfo López-Veiga Ponte (reelexido)

Vocales:

Srta. Marité Santos Martínez.

D. Arturo Iglesias Guitiáns.

D. Carlos Gigirey Paredes.

D. Lucas Domínguez.

Tan soio tres dos derradeiros dirixentes forman na nova Xunta, que en realidade, xa eran os que sostiñan a vida do coro hasta aquél intre.

COMPROMISOS E PRAN DE TRABALLO

Co máis grande interés e entusiasmo propuxéronse os novos rexidores levar a cabo os puntos a conquerir pra encamiñar a Agrupación polos mellores vieiros, cos que poídese sostener e superar —si posibre fose—, o creto social e artístico-folklórico que durante tantos anos tiña acadado.

O mesmo Presidente, na primeira xuntanza, dou a conocer ós seus compañeiros de Xunta as premisas de un pran compreto de traballo que, estudiado, discutido e agrandado, sirveu de pauta pra futura laboura:

Primeiramente, comprar o acordo tomado na Xunta Xeneral, de solicitar da Real Academia de Bellas Artes, da Cruña, a Medalla «Marcial del Adalid», na sua categoría de prata, pro direitivo e corista Crisanto Sanmartín.

— Programar o «Día do Corista, 1969», a celebrar no mes de Xunio e escollendo como lugar apropiado o campo da Ermida de Gundían (Ponte Ulla).

— Seguidamente, percurar unha colleita de novos socios; acadar axudas económicas de Organismos e Entidades, que permitisen levar a cabo as obras precisas de adecentamento do local social, arranxo e renovación de vestimenta e do instrumental enxebre; e,

como cousa máis importante, ir percurando un fondo económico que chegara a permitir a programación brillante das Bodas de Ouro fundacionais, a comemorar no ano 1971.

— Adicarlle un homenaxe ó Sr. Marqués de Figueroa, Presidente da Agrupación durante moitos anos, facéndolle entrega do título de Presidente Honorario.

REALIDADES E FROITOS CONQUERIDOS

Todo canto se tiña programado foi levándose, pouco a pouco, pro teimosamente, a prena realidade.

O «Día do Corista» do ano 1969, no fermoso campo da ermida de Gundíán, supuxo un acerto e un éisito en tódolos ordes, amos trando a ónde se pode chegar nun traballo cando nél se pon vontade forte de levalo a cabo.

Celebróuse o acto en homenaxe ó que hastra facía pouco tiña sido Presidente da Agrupación, o Sr. Marqués de Figueroa, trasladándose o Coro á sua finca de Torre de Figueroa, o 23 de Xunio, víspera do seu santo, pra facerlle entrega do pergamo co nombramento de Presidente de Honor.

Na colleita de novos socios abrangueuse unha cantidade non agardada, pois subrepasou o duplo dos eisistentes naquelhas datas.

Con tan bons comenzos e agoiros leváronse a cabo as obras de adecentamento do local social e a feitura dunha vitrina pra trofeos e biblioteca.

O ruiñento estado da vestimenta do coro, principalmente a das mulleres, obrigou a mandar arranxar os 14 traxes, facer todas as prendas interiores novas, mercar 24 parexes de medias e 20 de zapatos. Dándose o caso de haber máis mulleres que traxes, foi preciso facer outros tres novos, con todas as prendas, indo a mercar, incruso, os panos da cabeza a Portugal.

A vestimenta dos homes repasouse e limpiouse, mandando facer seis pantalóns novos pra trocalos por outros tantos que estaban esfarrapados.


Pró grupo de baile, fixéronxe 9 corpiños de muller, 10 monteiras de home; mercáronse 6 parexes de zocas e outras tantas de zocos; 4 mantóns de cachemira, 5 candiles e 5 calderetas do leite, xunto con 2 mandiles.

Mercouse unha máquina nova de escribir, mandouse arranxar por compreto o armonio, cambeándolle o xogo de palletas e fixéronse varios marcos pra fotos e dous grandes prás Bandeiras, unha delas cedida en depósito pola Sra. Viuda de D. Bernardo del Río, de cando o coro levaba o nome de «Rosalía Castro».

Ca vestimenta nova e compreta do coro, fixo o seu estreno no Auditorium da Caixa de Aforros de Vigo, o 7 de marzo de 1971. Nese día estrenáronse tamén 30 bolsos de skay que foron un obsequio de Amortiguadores «Junior».

Entre outras cousas de menos importancia, mercáronse dous cestóns grandes de bimio, 24 sillas pro local de ensaios, un manetófono de casset pra ensaio do baile e mandouse facer unha nova Bandeira, pasando a vella pra unha vitrina, por atoparse abondo deteriorada.

Estabrecéronse as escolas de Baile enxebre e de Gaita, poñéndoas ó cargo de persoas competentes.



Representantes da «Real Academia Provincial de Bellas Artes» e do coro «Cántigas da Terra», da Cruña, fan a ofrenda a Rosalía (18-7-1970)



Ofrenda de «Cantigas e Agarimos» a Rosalía no DIA DO CORISTA = 18 - 7 - 1970

ENTREGA DUNHA MEDALLA DE COSTANCIA MUSICAL

A festa anual do «Día do Corista», de 1970, foi adicada á entrega da Medalla «Marcial del Adalid», solicitada pola Agrupación e concedida pola Real Academia Provincial de Bellas Artes, polos 29 anos continuados de servicio ó coro, ó veterano direitivo e corista Crisanto Sanmartín.

Foi revestido da máis grande solenidade e tivo por marco o fermo Pazo de Oca, cedido xentilmente polos seus donos, os Duques de Medinaceli. A ela asistiron cuase todos os membros da Academia coruñesa, baixo a Presidencia do seu titular D. Manuel Chamoso Lamas; as primeiras autoridades de Santiago, ca presencia do seu Alcalde, D. Francisco López Carballo; representacións de Entidades e Organismos, así como da Prensa e Radio.

Comenzou con unha solene Misa en galego, oficiada polo R. P. Gándara e na que tivo como comentadores e axudantes a dou-

direitivos. Alvaro Castro e Xesús Sueiro. A sua afervoada homilia foi un canto e louvanza ás virtudes daquelas persoas que, como neste caso, loitan e persiguen un nobre ideal. Durante a Misa os compoñentes da Agrupación cantaron diversos motetes en galego.

Logo, nos xardíns e fragas do Pazo, celebrouse o Acto Académico da leitura da concesión, polo Segredario Sr. Bugallal e o ponente musical Sr. Anta Seoane, facendo a entrega da Medalla e Diploma o Presidente, Sr. Chamoso, despois de pronunciar unhas verbas de louvanza ó homenaxeado. O señor Sanmartín dou leitura a unhas frases de agradecemento cunha emoción que non poido conter. Remató o auto ca intervención do Coro.

Seguidamente foi servido un variado, farturento e enxebre xantar ás 225 persoas asistentes. Denantes do café, lles foron impostas as insíñas de Ouro da Agrupación ó Alcalde, Sr. López Carballo, ó Presidente do Consello da Caixa de Aforros, Sr. Lucas Al-

varez, ó Direitor da mesma entidad, señor Hernández e ó Presidente de Honor de «Cantigas», Sr. Marqués de Figueroa.



O Sr. Chamoso Lamas pendúralle a Medalla
«Marcial del Adalid» ó Sr. Sanmartín

Da organización, adrezo, e servicio do xantar, que foi todo traballo persoal de directivos e coristas, soio cabería decir que sería moi difícil melloralo.

AS BODAS DE OURO

O carro da Agrupación, guiado polas mans de Alvaro Castro, tiña cuberto a primeira xeira do seu roteiro con bon tino e acerto. Mais agora chegara o intre de ter que metelos bois polos barrentos rueiros e as lamentas corredoiras que nos levasen á meta dunha lucida Commemoración fundacional.

O primeiro problema —o principal—, xurdía ca falta de cartos, sin os que non se podería arranxar un programa dino de tal fin. Foi preciso, pois, trazar un plan encamiñado á percura dos cartos.

Déronse os primeiros pasos. Visitas ó Alcalde, Presidente da Diputación, Direitor da Caixa de Aforros, Ministerio de Información e Turismo...

Non saberíamos decir si a sorte ou as boas fadas foron as nosas compañeiras. Mais o que sí se pode afirmar é que, cando non se regatean sacrificios e a vontade de conquerir algo non se traba por moitos balañdos que lle cerren o paso, a fortuna ten que amostrar o seu sorriso complacente.

O entusiasmo e a teima do noso Presidente, Sr. Castro Faya, trouxo a ledicia ós compañeiros da Xunta. Primeiro, a Caixa de Aforros de Santiago, ca promesa de patrocinamento e xenerosa axuda. Tan xenerosa, que non soio nos permitía programar unhas lucidas Bodas de Ouro, si non que tamén pensar en celebralas presentando o Coro con nova vestimenta. E como eisí se pensou, eisí se fixo, ademáis con toda a galanura e fachenda, como quizáis ningunha outra coral poida semellárselle.

Logo a Excma. Corporación Municipal de Santiago, a proposta do Sr. Alcalde, señor López Carballo. Máis tarde, a Excelentísima Diputación da Cruña, por intermedio do seu Presidente Sr. Porto Anido. A Excelentísima Diputación de Pontevedra, a Universidade, a Cámara de Comercio de Santiago, e outros xenerosos donantes e aportadores que noutras páxinas desta Memoria se relacionan.


Pra conquerir todo eso foi preciso un traballo costante e sacrificado. Visitas, xestións, viaxes, entrevistas, recomendacións, cartas, escritos, istancias; un día e outro arreo. ¡E recolleuse o froito!

Como todo hai que decilo, lamentamos non poder engadir na lista de coperadores ó Ministerio de Información e Turismo —o máis chamado a promocionar as aitividades artístico-folklóricas—, nin a ningún outro organismo estatal. Fixeron o xordo a dez ou doce solicitudes presentadas por todos los canles: local, provincial, nacional; persoal, colectivo e direitamente, incruso algunas con recomendación.

En troques, temos, sí, que agradecerlle ó Excmo. Sr. Ministro de Información e Turismo, D. Alfredo Sánchez Bella, que acetase a Co-Presidencia da Xunta de Honor e nos permitise a incrusión do seu nome nela.

Polo que atingue á Delegación Local do mesmo Ministerio, hai que agradecerlle tamén o ofrecemento da película «El Camino de Santiago».

Grande desilusión representou pra nós a aitude dun Presidente de Diputación galega, que non soio negou toda axuda sinón se opuxo a que o seu nome e cargo figurase na Xunta de Honor.



D. Manoel Lucas Alvarez
Presidente do Consello de Ademinsturación
da Caixa de Aforros de Santiago



D. Xoán Xosé Hernández Rodríguez
Direitor
da Caixa de Aforros de Santiago

Compostela, faro de ouidente e corazón de Europa, durmeuse nos loureiros das suás glorias dende os séculos de esprendor hastra fai moi poucos anos. Os seus fillos e as suas istitucións, sin folgos, sin azos nin aspiracións, non foron capaces de saír dos lindeiros que dende a Edade Media lle marcaron as suas murallas.

Os tempos cambian e con eles, o facer dos homes. A doca e a nugalla dou paso ó trafego, á movilidade. Do dinamismo dos homes xurde o progreso dos pobos.

Ese dinamismo fixo despertar a unha Istitución de Aforro e Creto, puramente santiaguesa, do fondo soño de perguiza en que se atopaba sumida.

Santiago e a sua periferia comarcal, camiña agora con paso firme cara ó progreso, gracias á dinámica de dous homes que rixen esa Istitución con rexa e certeira executoria.

Como tal executoria trouxo pra «Cantigas» o «agarimo» dunha protección e axuda prena, que posibilitou a xubilosa celebración das suas Bodas de Ouro, nós queremos facer patente nessa Memoria o fondo agradeceamento á Caixa de Aforros de Santiago, nas persoas destes seus más calificados representantes, que son os forxadores do esprendedoroso rexurdir da mentada Istitución.



Casamento da asidua corista Manoliña Pazos en Sta. Cristina de Barro · Noya, o 13 - XII - 1970

PROGRAMACION E PREPARATIVOS

O programa, froito de ideias e miudos estudos por parte de todos os direitivos, abranguía como máis importante un gorense pran de manifestacións artístico-culturais da Terra, das que entran de cheo nos fins que persigue «Cantigas e Agarimos» dende a sua fundación.

Literatura, poesía, teatro, folklore musical, no seus ramaos de canto e danza, serían espertos en conferencias e festivales, que levarían ó cabo persoalidades ilustres e prestixiosas agrupacións, pra rematar nun día grande de confraternidade, que se fixou no 27 de xunio.

E quíxose máis: como a nosa Comemoración cadraba co Ano Santo, escribeuse unha circular que foi enviada a todos Centros e Casas de Galicia do mundo enteiro, na compaña de outra que contiña as normas e gracias do Xubileu —por iniciativa do noso Cardeal—, invitándoos a participar na Grande Peregrinación folklórica que se proxeitaba.

Temos que confesar que de esta chama-
da ós Centros Galegos, apenas acusaron
reibo media dúzia deles. ¡Nin siquera un
Centro que fachendosamente leva o nome de
Santiago en Bos Aires! E houbo algúns que
hastra preguntou si se lle daba algunha
asinación en caso de vir!

Editouse un ben presentado Programa, a
duas tintas e en bon papel, cunha cativa

reseña histórica da Agrupación, fotos de distintas épocas e o guieiro dos autos a celebrar. A tirada foi de 8.000 exemplares, tiña 20 páxinas e foi sufragado por Entidades e casas comerciales. E carteles, pasquín, e programas de cada un dos autos que se celebraron.

Logrouse a colaboración desinteresada dos conferenciantes, das agrupacións; a cesión de locales e outras axudas imposibres de mentar.

O problema de dar un xantar a 300 persoas trouxo de moleira á Xunta Direitiva, non soio pola custión económica sinón tamén polo lugar en que facela e o servicio, e sobre todo polo mal tempo reinante, que imposibilitaba de levala a cabo ó aire libre. A comunidade de San Francisco, Madeiras «Finsa» cas mesas, Bodegas «Arnoya» cos Viños Ouro e «Coca Cola» cos refrescos, en xenerosa dádiva, facilitaron empresa tan graúda.

ANGURIAS E INQUEDANZAS

O fel e o amarguexo dunha inquedanza anguria, veuse xuntar ó xa graúdo trafego dos direitivos. Un novo e grave problema se lles presentou en decembro de 1970, cando comenzaba a nosa Comemoración: O ter que deixar o local social por imperativos dos seus donos. Non é pra contar o que esto supuxo no ánimo de todos. Tampouco se podería decir cánto se traballou por mor

de evitalo, chegando a ter que facer o noso Presidente un viaxe a Alicante adrede, pois o local había que deixalo no entrante mes de Xaneiro, asegún un comunicado remitido por medio da Cámara da Propiedade. Non valeron visitas, recomendacións, nin propostas pra que nos deixasen pasar siquera o ano das nosas Bodas. O máis a que chegamos, foi a que, si queríamos pasar o ano no local, tíñamos que satisfacer unha cantidade mensual tan grande que non se recaudaba cas cuotas dos socios e ademáis o pago de unha prima ó rematar o ano, tan astronómica para as nosas posibilidades, que nin o máis outimista e rumboso podería acetár.

A Providencia, que protexe a homildanza e a fraqueza nas causas nobres e non é partidaria do asoballamento, permiteunos poder pasar as festas da nosa Comemoración no local, onde nos atopamos ainda.

Como non hai mal que por ben non veña, a Caixa de Aforros de Santiago alarga agora a sua protección, doándonos na sua Aula de Cultura un cobixo e que poderemos disponer dél dentro de pouco.

* * *

Polo xa reseñado pode calquera sacar as consecuencias de que non todo foi tan doa-

do e sinxelo na programación e conquerimento de canto se propuxo levar a cabo a Xunta Rexidora. Abondaron os fallos, os contratempos, as desilusións, que trouxeron acedo amarguesxo.

E non podemos calar tampouco que non todo foi mel nin celme gorentoso antre os compoñentes que formaban esa Xunta.

As arelas e ciumes de cada ún en acadar o máis lucido éxito no seu cometido en ben da Agrupación, trouxo algunas liortas, retesías e teimas, que chegaron a arredar da Xunta a algúns valiosos elementos, que decote tiñan amostrado o seu amor pola coleitivididade. Pro temos a seguranza que ese arredamento foi máis por facilitar a laboura dos restantes direitivos, que por encono ou mala fe.

Con todo, unha cousa certa é: Que por parte de úns e outros, dos coristas, e dos que nos axudaron co seu traballo persoal, non se regateu sacrificio ningún pra honrar cal merecía esta leda Comemoración fundacional. E esto, de por seu, ten que deixarnos satisfeitos a nós, ca esperanza de que poida conformar tamén, cunha migia de boa vontade, a tódolos socios e cooperadores.



XUNTA DE HONOR

das BODAS DE OURO FUNDACIONALES (1921-1971)

de "CANTIGAS E AGARIMOS"

Emmo. e Rvdmo. Sr. Cardeal Arcebispo de Santiago
D. Fernando Quiroga Palacios

Excmo. Sr. Ministro de Información e Turismo
D. Alfredo Sánchez Bella

Excmo. Sr. Presidente da Diputación Provincial da Cruña
D. Angel J. Porto Anido

Excmo. Sr. Presidente da Diputación Provincial de Lugo
D. José de la Torre Moreira

Excmo. Sr. Presidente da Diputación Provincial de Pontevedra
D. José Luis Peláez Casalderrey

Excmo. e Magn. Sr. Reitor da Universidade de Santiago
D. Manuel J. García Garrido

Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Santiago
D. Francisco Luis López Carballo

Excmo. Sr. Marqués de Figueiroa
D. Juan Gil Armada

Excmo. Sr. D. Constantino Lobo Montero
Presidente do Centro Galego de Madrí

Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega
D. Sebastián Martínez-Risco Macías

Excmo. Sr. Presidente da Real Academia de Bellas Artes da Cruña
D. Manuel Chamoso Lamas

Excmo. Sr. Presidente do Consello de Admón. da Caixa de Aforros de Santiago
D. Manuel Lucas Alvarez

M. I. Sr. D. Jesús Precedo Lafuente
Segredario da Xunta Central do Ano Santo

D. Juan José Hernández Rodríguez
Direitor da Caixa de Aforros de Santiago

XUNTA REXIDORA

Presidente : Alvaro Castro Faya
Vice - Presidente: Xoán Iglesias Pérez
Segredario : Crisanto Sanmartín Beiroa
Vice- Segredario: Xoán Folgar Pomar
Contador : Xesús Sueiro Rodríguez
Tesoureiro : Arturo Iglesias Quintáns
Vocales : Manoel Arrojo Lois
Antón Santamarina
Xosé Luis Goris Picón
Xesús Ferrín Ferrín
Remi Vilarino Castro
Xavier Villasenín Codesido


COLABOURADORES

Ricardo Rúa Pintos,
Direitor do Hostal e Presidente do C. I. T.
Xosé Alvariño Gómez,
Tenente de Alcalde.
Pablo Piñeiro Ares,
Oficial Maior do Concello.
Xosé María Bouzas Araújo,
Da Caixa de Aforros de Santiago.
Alexandro Freijal del Villar,
Delegado de Información e Turismo.
César Alvarez Montoto,
Presidente da Sociedade Compostelana de Festexos.
Xerardo Xesús Salgado Gómez,
Da O. S. de «Educación y Descanso».
Agustín Magán Blanco,
Direitor do Teatro de Cámara «Ditea».
R. P. Manoel Feijoo,
Direitor do Orfeón «Terra a Nosa».

Compoñentes da Xunta Rexidora



Alvaro Castro Faya



Xoán Iglesias Pérez



Crisanto Sanmartín Beiroa



Xoán Folgar Pomar



Arturo Iglesias Quintáns




Xosé Luis Goris Picón



Xesús Sueiro Rodríguez




Xesús Ferrín Ferrín



Antón Santamarina



Manoel Arrojo Lois



Remi Vilariño Castro



Xavier Villaseñán Codesido

DESENROLO DOS AUTOS PROGRAMADOS

Galicia non é só o folklore. Na nosa terra, aparte dos cantos e dos bailes, hai moitos outros tesouros culturais, entre eles, o máis grande, a língua, que na voz dos nosos literatos se fixo arte e que na tinta dos pergameos e papeles garda as memorias de tempos idos. A esto non foi nunca insensible a nosa Agrupación, e menos podía selo nun ano como este. Por eso quixemos rendir un homenaxe a aqueles antepasados nosos que cas suas prumás enriqueceron a nosa fala e a nosa terra.

Pra estas xeiras contamos ca axuda de tres destacadas persoalidades nas letras galegas de hoxe: o Prof. D. Ricardo Carballo Calero, o Prof. D. Xosé Filgueira Valverde, o Presidente da R. Academia Galega, D. Sebastián Martínez Risco e a do estudoso Prof. de historia D. Manoel Carlos García Martínez.

Quíxose, tamén, que neste espallamento cultural galego tomase parte a xuventude que se está formando nos centros de ensino de Santiago, pra despertar neles arelas polas cousas da terra, encomendándoselles as ilustracións das conferencias con recitados axeitados e escollidos.

O Prof. Carballo Calero, en tres conferencias pronunciadas os días 15, 22 e 29 de Maio trazó unha panorámica da nosa literatura, especialmente dos xéneros poético e dramático, dende os comenzaos hastra os nosos días.

Todas as conferencias tiveron como marco a Sala de Arte do Hostal dos Reises Católicos, xentilmente cedida pola Direición, ás oito da tarde, dos días e temas que se irán detallando, incruindo por orden cronolóxico outros actos que figuraban no Programa dado a conocer.



Con motivo das Bodas de Prata da sua Consagración Episcopal, «Cantigas e Agarimos» felicita no seu Pazo ó chorado Cardeal Quiroga. Na compañía de Mons. Cerviño quixo poupar con nós. — 24-III-1971

Día 15 de Maio

Conferencia:

POESIA GALEGA ANTIGA

Na primeira conferencia, o Dr. Carballo Calero falou dos poetas medievales que, como se sabe, deron lugar a unha das literaturas más brillantes da época. Esta obra medieval é un verdadeiro monumento cultural non soio da nosa terra senón do Océano enteiro. No final da conferencia alumnos dos Centros que se relacionan recitaron



Prof. D. Ricardo Carballo Calero

unha escolma de poesías medievais, con axeitada interpretación, que acreceron o entusiasmo dos asistentes.

Recitaren, polo Colexio «Manuel Peleteiro», Xosé Porto Rodríguez, Francisco Ordóñez Armán e Xosé Manuel Sande Lago.

Colexio «Compañía de María»: María Fernanda Cabrera Varela, María do Carmen Ferreiro D. e María Xosé Sexto da Silva.

Instituto Femenino «Rosalía Castro». Margarita Arcay Fernández, Rosa María López Boullón, María Rosa Bouzas Sierra, Nieves López Beiras, María do Carmen Alvarez Iglesias, Isabel Iglesias Fernández, M.ª Ade-

lina Alvarez Gallego, Pilar Fraga Gallego e María do Carmen Cruces Parcero.

Conferenciantes e recitadores foron moi aplaudidos.

Días 17 e 18 de Maio

Mostra da película:

EL CAMINO DE SANTIAGO

Como única axuda pras nosas Bodas recibida do Ministerio de Información e Turismo, a Delegación Local do mesmo emprestounos a película - documental sobre o Camiño das Peregrinacións Xacobeas, que en honor dos nosos socios cooperadores foi pasada nesas duas datas, ás oito da tarde, no Local-Teatro do Colexio «Manuel Peleteiro», xenerosamente cedido pola Dirección.

Día 20 de Maio

CONCURSO REXIONAL DE GAITAS

Organizado pola «Sociedad Compostelana de Festejos» e adicado este ano a «Cantigas e Agarimos» polos seus 50 anos de vida artística, celebróuse este certamen no Teatro Principal, ás once da mañán. Participou en él fora de Concurso o Grupo de Gaitas da Agrupación, que fora o ganador do ano derradeiro, tributándose polo numeroso público asistente e polos Grupos de Gaiteiros concursantes un entusiasta e agarimoso homenaxe.

Día 22 de Maio

Conferencia:

POESIA GALEGA MODERNA

A segunda conferencia do Prof. Carballo Calero versou sobre a poesía que comenza co Renacemento das letras galegas e que ten como representantes ás figuras de Rosalía, Pondal, Curros e outros continuadores de valía, que enriqueceron o patrimonio poético, literario e lingüístico de Galicia.

O recitado de poemas correu a cargo nesta xeira dos alumnos do «Colexio La Salle», Santiago Domínguez Castiñeiras, Xosé Antonio García Pérez e Rafael López de Pedro.

Margarita Alborés Alborés e Carmela García Paz, do Colexio «Nuestra Señora de los Remedios» (*Huérfanas*).

E polo Instituto Femenino «Rosalia Castro»: Xenoveva López Paredes, Olga Pérez Paz, Gloria Lama Sánchez, María do Carmen Baluja Lema, María do Pilar Lorenzo Vázquez, Mercedes Rodríguez Ruibal, María Xosé Rey Mariño, María do Carmen Senín Fernández, Ana Rosa Sebio Peña e Catalina Pintos Barral.

A documentada e amena disertación císi como a maestría no decir dos numerosos recitadores agradou moito á concurrencia.

Día 29 de Maio


Conferencia:

TEATRO GALEGO

A derradeira conferencia do Prof. Carballo Calero ocupóuna en historiar de xeito esquemático o noso teatro. Párase a destacar a probeza de obras e autores, si se compara ca abondosa produción das outras ramas literarias. Comenta e estuda as de



Un compoñente de Grupo DITEA nunha escea de A COMEDIA DA OLIÑA



Crisanto, de «Cantigas e Agarimos», recitando pasaxes do drama O FIDALGO

máis calidade e detense con comentarios especiais a falar do drama O FIDALGO, do popular zapateiro-poeta compostelán D. Xesus San Luis Romero, e de A COMEDIA DA OLIÑA, en versión galega do poeta da Terra Chá, D. Aquilino Iglesia Alvariño, da «Aulularia» de Plauto.

Os compoñentes do Teatro de Cámara «Ditea», Xoán Xesús Xestal, Xosé Enrique Santos e Xaquín García Marcos ofreceron varias esceas da «Comedia da Oliña», nas que amostraron a calidade artística de que son portadores cantos traballan no teatro que creou e dirixe Agustín Magán.

O compoñente de «Cantigas e Agarimos», Crisanto Sanmartín (fillo), compretóu a xornada recitando varios pasaxes de «O Fidalgo» con emotivo e enxebre decir, do papel do «vello Xaquín», que tan ben domea.

Unhos e outros recibiron tantos aplausos que ó remate víronse obrigados a facer presencia no estrado, pra agradecer a xentileza.

Día 5 de Xunio

Conferencia:

LIRICA NARRATIVA GALEGA

O polifacético e prolífico profesor do Istituto de Pontevedra e Direitor do Museo da mesma cidade, Dr. Xosé Filgueira Valverde, tivo ó seu cargo esta interesante conferencia.



Prof. Filgueira Valverde

Falou da posibilidade de que esistise unha tradición épica na nosa literatura medieval, é decir, cantares de xesta, dos que non temos ningún testimonio directo. Hai, de todas maneiras, suficientes probas indirectas de tal esistencia, que o Prof. Filgueira analiza miudamente con fondo rigor científico, que non mermóu pra nada a amenidade da sua disertación.

Foi moi apraudido.

Día 9 de Xunio

FESTIVAL DE CANTO E DANZA

Este Festival que en homenaxe a «Cantigas e Agarimos» tiña de celebrarse na Praza da Quintán, ás oito da tarde, ofrecido polo Orfeón «Terra a Nosa» e o Grupo de Danzas «Brisas da Terra», de Educación e Descanso, non poido levarse a cabo pola temerosa invernía que se deixou sentir nes-
tas datas.

*

Día 12 de Xunio

Conferencia:

O LIRISMO NO CANCIONEIRO GALEGO

A xentileza de D. Sebastián Martínez Risco dounos a ocasión de escutar en Santiago a máis autorizada voz da primeira Institución da nosa Terra.

Despois da dirixir unhas verbas de louvanza e felicitación a «Cantigas e Agarimos», non sóio polos 50 anos de laboura artística sinón polo feito de comemoralo ca organización de actos de espallamento cultural como éste, comenza a sua disertación, o ilustre Presidente da Real Academia Galega historiando os oríxenes da nosa língua, o seu desenrollo e as épocas da sua supremacía e brillante hexemonía na Península. Cínguese a tratar do Lirismo. Cita as primeiras mostras do Lirismo galego de que hai noticia. Fala do Rei Alfonso o Sabio e das suas «Cantigas». Detense na lírica dos Cancioneiros galaico - portugueses. Menta a lagoa de séculos en que as letras galegas ficaron asulagadas, sin que por eso a lírica



D. Sebastián Martínez Risco

popular deixase de producirse, si ben moi pouco dela poído chegar hastra nós por falta de recolledores. Métese de cheo no Renacemento Galego do pasado século, en que xurde a preocupación e interés por apañar ese patrimonio lírico que se perdía. Destaca a valía e teimosa puxanza dos continuadores hastra os nosos días, poñendo de manifesto a importancia da colaboración que neste

senso tiveron os Coros Galegos que iniciara o gaiteiro-farmacéutico Perfeito Feixóo.

No percorrer de tan amena disertación botou man de abondosas e documentadas citas. Foi moi aplaudido.

Día 19 de Xunio

Conferencia:

O FOLKLORE GALEGO E BERNARDO DEL RIO

Non podía a Xunta Rexidora esquencirse de quen tiña sido, 30 anos arreo, Director do Coro, ademais de fundador, Bernardo del Río, e como homenaxe adicoulle unha das conferencias que tivo ó seu cargo D. Manoel Carlos García Martínez, pertenecente ó «Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos».



D. Manoel C. García Martínez

O disertante, pese á sua xuventude, ofreceu unha certeira visión do folklore galego en xeneral e do seu proceso evolutivo. Resaltou a sua riqueza e variedade e a grande perda que representou o abandono en que viveu durante séculos. O seu rexurdimento ca iniciativa da creación do seu Coro galego por aquel farmacéutico pontevedrés que se chamou Perfeito Feixóo, que a xiña foi secundado nas vilas más importantes da nosa terra, e que serviron de salvagarda do patrimonio lírico-musical que iba esquencéndose e desaparecendo.

Cínguese a falar desas labouras corales que levaron a cabo estes agrupamentos, verdadeiros amantes das cousas da terra e das

sus grorias, na que se atopa destacada a familia de «Cantigas e Agarimos», polo medio século que leva en tal tema, e adréntase a destacar a persoalidade do seu Director Bernardo del Río, non soio polos anos que a dirixéu sinón pola produción musical, froito da sua inspiración, que enriqueceu grandemente o folklore galego. Como remate, fixo unha referencia histórica da sua vida e obra, con abondosos datos, que foi compretada ca intervención de «Cantigas e Agarimos», executando varias composicións do Maestro Del Río.

Disertante e Agrupación foron longamente aplaudidos.

Día 26 de Xunio

Representación teatral:

ORATORIO (*Pregarias ós países que abaten o mundo coas guerras*)

Esta representación teatral, obra videnteira, da que é autor Alfonso Jiménez Romero, en versión galega e interpretación do Teatro de Cámara «Ditea», baixo a dirección de Agustín Magán, que tiña de celebrarse na Praza da Quintán ás once da noite, houbo que suspendela polo teimoso mal tempo.

Mais como «Ditea» quería de todos os xeitos sumarse á comemoración de «Cantigas e Agarimos», cousa que a Agrupación agradece fondamente, non renunciou ó seu propósito.

Escolleu a data do 22 de Novembro, e na Aula de Cultura da Caixa de Aforros, cheo ó cugulo, puxo en escea o ORATORIO, que ademais de poñer unha vegada máis de manifesto a valía dos intérpretes e da dirección, agradou moiísimo ós asistentes polo mensaxe e a queixa de que a obra era portadora.

Como cadraba ese día ca festa da Patrona dos músicos, Santa Cecilia, o coro participou na velada interpretando un pequeno repertorio, co que se dou remate ó festival, dedicado a todos os socios da Agrupación.

«Ditea» e «Cantigas e Agarimos» confraternizaron en amigable xuntanza nunha cea ben servida.

* *

27 de Xunio: «DIA DA CONFRATERNIDADE»

As boas fadas non podían permitir que o Día Grande da nosa Comemoración, ese 27 de Xunio, que con tanto traballo, coidado e agarimo tiña preparado a Xunta Rexidora de «Cantigas e Agarimos», se vise embazado e luxado polo mal tempo que hastra entón campeaba.

E así, cando as vísperas agoiraban o xurdimento dun día bretemoso, mollado e frío, «a luz que namora na terra e no mar», representada por «ese sol que alumea tan galán e espellador», amostrounos a sua faciana ridente pra que poídese mos entoar a máis leda alborada.

Chamada e concentración

Como estaba programado, ás 10,30 horas, unha dúcia de fortes bombas anunciaba a festa maior e chamaba á Xuntanza a tódalas Agrupacións, diante do moemento á nosa Rosalía. Nenos e nenas do coro infantil «Caraveliños», de Santiago, dispostos adrede, sinalaban con letreiros os postos que cada grupo tiña que ocupar, así como os das Representacións, Autoridades e invitados, dispostos de tal xeito por antiguedade, que máis tarde poidesen emprender a marcha da Romaxe.

Con formal puntualidade foron chegando os Coros, os Grupos, Representacións, invitados, sendo portadores de feixes de froles e coroas. Naide faltou á cita. Trinta minutos abondaron pra que todos ocupasen a suas demarcacións ó redor do moemento, facendo do lugar un xardín ateigado de froles pola variada gama de cores que amostraban os traxes enxebres.

Ofrenda a Rosalía

A Banda de Música Municipal de Santiago, que quixo sumarse a estas xornadas, baixo a dirección do Mtre. Santos Bartolomé, abreu os autos interpretando o pasodoble «Cantigas e Agarimos», composto e adicado á Agrupación no ano 1924 polo seu direitor D. Bernardo del Río, que tamén tiña sido

profesor solista, Subdirector e logo Director da mesma Banda durante varios anos.

Rematada a peza, unha moza de «Cantigas e Agarimos», M.^a Xosé Sanmartín, no nome do coro e das demáis agrupacións, adiantouse pra decir a ofrenda e recitar con emotivos e afervoados acentos enxebres:

«CANTIGAS E AGARIMOS, ó compartir os 50 anos da sua vida, quere adicarlos á *primeira cantora de Galicia*, aquela santa muller que representa todas as virtudes da i-alma galega, poñéndolle unha praca que lembre esta data. Mais tamén quere facerse portavoz dos coros eiquí presentes no noso honor, pra ofrendarlle as froles que de tódolos lugares da nosa terra lle tran, como agasallo agarimoso.

E nada máis axeitado se coidou pra eso que empregar os versos a ela adicados polo «poeta da raza», Ramón Cabanillas, cando se inaugurou este moemento, no ano 1917, que facemos nosos, e que din así:

Nosa virxen do consolo,
Rosalía, doce nai,
ó redor da tua imaxen
os teus filliños están

Tranche nas almas acesas
a dozura dun amor,
nas mans as rosas a feixes
nos beizos unha oración

Como nun berce de frores
veñen pór no teu altar
o amor á sua santiña,
o amor ó galego chan.

Dalles en pago unha folla
da máis milagreira fror,
da rosaña de cen follas
que tiñas no corazón».

Un a un, tódolos grupos e representacións foron deixando ós pes da cantora os filiales bicos das suas ofrendas de arrecedentes froles. Por un intre hastra nos pareceu ver a marmórea e pensatiya autitude da santiña trocada nun compracente sorriso de fondo agradecemento.



A moza de «Cantigas», M.^a Xosé Sanmartín, recita e fai a ofrenda a Rosalia



No nome do Patronato Rosalía de Castro fai uso da palabra o seu Presidente, Dr. Sixto Seco

Descuberta da praca comemorativa

Seguidamente, D. Agustín Sixto Seco, Presidente do «Patronato Rosalía de Castro», ca axuda de D. Alvaro Castro Faya, Presidente tamén de «Cantigas e Agarimos», levaron a cabo a descuberta dunha artística praca en bronce, que se atopaba agachada baixo bandeiras da Patria e de Galicia, nunha ladeira do moimento. Ca grabura da insíña do Coro, leva a seguinte adicanza:

A PRIMEIRA CANTORA

GALEGA

CANTIGAS E AGARIMOS

NOS SEUS 50 ANOS

1921 - 1971

O Dr. Sixto, no nome do Patronato, agradeceu as ofrendas cunhas belidas e afevoadas verbas enxebres, dirixidas en primeiro termo a «Cantigas», pola sua xubilosa celebración, e logo ás demáis Agrupacións que a honran ca sua presencia, e ós seus compoñentes, amorosos e sacrificados, que velan pola conservación das nosas tradicións

artístico-musicales. Dixo que «hoxe é día de ledicia miña e de todos nós...» «Si todos fixéramos canto temos o deber de facer, Galicia sería máis grande...» «Temos que despertar a concencia desta obriga... non hai galegos de primeira nin de segunda, todos somos uns...». E dirixíndose a cantos vestían o traxe típico, díolle: «Do mesmo xeito que con fachenda levades esas vistosas roupas, falade galego, que non é vergoña algúnhia».

Logo dou a conocer que o día 15 de Xulio faríase a entrega da casa da Matanza, chamando e invitando a todos á asistencia.

Rematou dando a conocer o propósito de nomear *Socio de Honra* do Patronato a «Cantigas e Agarimos», polo que, como sinal e aproveitando esta emotiva ceremonia, anticipábase a poñer á Bandeira do Coro a Corbata do Patronato. Longos aprausos se sostuveron mentras aprendía a fita.

«Cantigas e Agarimos» entoou o Hino a Rosalía que antes se tiña recitado e que con tanto acerto musicara o Maestro Valverde, no ano 1917. Máis afevoadas e intensamente reproduxéronse agora os aprausos ó noso Coro, rematándose deste xeito os autos.



Romaxe Xubilar

Abrindo marcha a Banda Municipal de Música, formouse a Romaxe Folklórica pra lucrar as gracias xubilares. Foron saíndo polo orden estabrecedo, figurando no primeiro termo a Presidencia, que estaba formada polo Alcalde de Santiago, D. Francisco Luis López Carballo; D. Xoán Gil Aramada, Marqués de Figueroa, Presidente de Honor de «Cantigas e Agarímos»; D. Agustín Sixto Seco, Presidente do Patronato Rosalía Castro; D. Xosé Luis Bugallal Marchesi e D. Adolfo Anta Seoane, que representaban á Real Academia de Bellas Artes Ntra. Sra. del Rosario, da Cruña; D. Alfonso Vázquez, que traía a representación do Centro Galego de Madrí, do que é Presidente da Seición Cultural, na compañía de D. Euxenio Pol; Representantes dos Centros Gallegos de Santander, León e de outros que non lembramos; Direitivos dos Grupos participantes; D. Luis Cuns Rojo e outros que foron direitivos de «Cantigas» na compañía dos Coristas Fundadores da Agrupación; Representantes da Prensa, Radio, etc., etc.

Logo, ca sua enseña e letreiro ó frente, iban os grupos por este orden:

Real Coro «Toxos e Froles», do Ferrol
Coro «Cántigas da Terra», da Cruña
Coral «De Ruada», de Ourense
Coral Polifónica «Follas Novas», da Cruña
Coro Infantil «Caraveliños», de Santiago
Grupo «Lembranzas Galegas», de Vigo
Grupo Folklórico «Aturuxo», da Cruña
Coral «Grupo Tabaquero», da Cruña
Grupo de Danzas, «Brisas da Terra», de Santiago
Orfeón «Terra a Nosa», de Santiago
Grupo de Teatro «Ditea», de Santiago
Grupo de Zanfonas, de Monforte
Grupo de Gaitas «Hirmáns Garceiras», de Melide
Agrupación «Cantigas e Agarímos», de Santiago,

que pechaba a comitiva, diante da que unha moza e nenos bailadores do coro, eran portadores das ofrendas que se iban ofrecer ó Santo Apóstolo.

Cada Grupo, espallando por antre o follaxe dos carballos, dos arbres todos da Ferradura e da Alameda, os sons das doces melodías das gaitas e da zanfona, que tan xeitosamente acompañaban os pandeiros, pandeiretas, cunchas, ferriños, tamboriles e bombos; a vistosidade e coorido dos traxes que representaban a cuase tódalas comarcas gallegas, nos que se destacaban os das garridas mozas, pola variada gama de coor e feitura, hastra asemellalas a vizosas froles en churrusqueiro movemento... facían da acugulada comitiva un desfío cromático de musicalidade, de arte, belido e fermoso, que enmeiguizaba.



Os romeiros camiño da Catedral

Os que tiveron a fortuna de ollala, turistas, romeiros de todo o mundo, santiagueses, víronse solprendidos por tan refulxente caravana, no seu recorrido polas ruas camiño da Catedral.

Cando a Romaxe chegou á Praza do Obradoiro, na que ten asento esa barroca sinfonía de pedra que nos legou Fernando



Portadores da Ofrenda

A romaxe entrando na Catedral



de Casas Novoa, a que parece que foi invitada por él pra describir artísticamente a natureza, a i-alma e a paisaxe de Galicia, pois nela pode adiviñarse a suavidade das serras, dos montes e das costas, a beleza dos verdecentes vales, a fermosura da sua coroa de rías, xunguidas nunha apreixa agarimosa polos cantareiros regatos que non deixan de entoar ese ancestral alalá de homenaxe ó fillo do Zebedeo... Cando chegou a Romaxe, foguetes e bombas estoupanban no ar misturados cos ledos sons que espandían as campás da Catedral e o balbordo da gente que acugulaba a Praza.

O noso Cardeal, enriba das escaleiras do Obradoiro, recibeu a Romaxe con leda compracencia, pra dirixirse con ela cabo do Altar Maior.

O paso dos romeiros polas arcadas do Pórtico da Gloria —incomparabre poema cristián que o Mestre Mateo escribeu en intredoiras follas de pedra—, foi acollido co sorriso ledizoso de Daniel e a compracencia dos demais Profetas, Apóstoles, Santos e Anxos, e hastra nos pareceu escoitar as albricias que cos seus instrumentos, en eterna melodía, lle estaban a dar os vellos músicos asentados cal coroa na arcada central.

Misa Concelebrada en galego

Xa na Capela Maior, as bandeiras e enseñas de tódalas Agrupacións pasaron ó Presbiterio, formando aliñadas a ambos lados. A Presidencia da Romaxe ocupou as primeiras bancadas da direita e «Cantigas e Agarimos» as da esquerda, seguidas dos compoñentes dos grupos, que acugulaban a nave central do Templo.

O noso Cardeal Arcebispo, en un xesto outamente honroso e que amostra a sua simpatía cara a nós, quixo adicar a celebración da sua primeira Misa Cantada en galego a «Cantigas e Agarimos», que veu a resultar —pra fachenda das Bodas de Ouro—, coma a consagración ecuménica da nosa língua, nun dos tempos más ecuménicos do mundo. Concelebraron co ilustre Purpurado, o R. P. Manuel Feijóo, Franciscano e Direitor do Orfeón «Terra a Nosa», o R. P. Louisa, S. J. e o Rdo. D. Celestino Cancela Paredes, Párroco de Ponte Ulla.



As Bandeiras das Agrupacións no Presbiterio
renden vasallaxe ó Apóstolo

Despois de interpretar o canto de entrada «Cara a Ti, morada santa», comenzou a Misa. Durante ela, tódalas Agrupacións presentes, baixo a dirección do co-direitor de «Cantigas e Agarimos», R. P. Goris, interpretaron diferentes motetes galegos que xa traíran preparados, dándolle tal realce e magnificencia á sua celebración, coma si se tratase da más solene festa litúrxica que se adica en contados días do ano ó noso Santo Apóstolo.

Invocación e Ofrenda

No intre do Ofertorio, o Presidente de «Cantigas e Agarimos», D. Alvaro Castro Faya, con vestimenta enxebre de corista, adiantouse ó pe do altar pra presentar a Ofrenda —que consistía nun artístico e orixinal ouxeto-lembranza da Commemoración e nunha cantidade en metálico—, e logo lera invocación ó Evanxelizador do noso chan, no nome de tódolos grupos, decindo:




•Señor Santiago: Neste río de Peregrinacións e de Peregrinos, que veñen enchendo tódolos vieiros que conducen a Compostela neste Ano Santo de 1971, chegamos hoxe nós, homes e mulleres de «Cantigas e Agarimos», na compañía dos demás agrupamentos da nosa terra e das representacións dos nosos irmáns de tódolos recunchos do mundo, porque en todos eles hai un galego que ten o corazón posto na terra nai.

«Uns están eíqu con nosco; outros non poideron vir persoalmente, mais chegaron preto do teu altar ca i-alma. A todos os quero eu representar nesta ocasión, inda que a miña persoa sexa demasiado homildosa pra tan outa función.

«Cantigas e Agarimos» está celebrando este ano os seus cincuenta de vida ó servizo da língua, da cultura, do folklore e de tódolos intereses da rexión galega. É unha sociedade de amigos, que saben conxugar ó mesmo tempo o comprimento dos seus deberes persoais e o traballo comunitario en pro de Galicia...».

Despois de mentar ós coristas e socios destas agrupacións que xa morreron e de



Presidencia da Romaxe e leitura da invocación polo Presidente de «Cantigas» Sr. Castro Faya

rogarlle ó Apóstolo que interceda polas suas i-almas; despois de agradecerlle a sua laboura apostólica na nosa terra e de lembrar a que levan a cabo os grupos folklóricos nas suas xiras artísticas por tódolos recantos do mundo, sendo portadores dun arte que ca mesma fe se sostén; fala logo da liturxia galega, e dí que a Cantigas e Agarimos cábello o honor de ter aportado unha importante xeira na imprantación da Misa Galega na cidade e solenizánda no percorrer de moito tempo cas mesmas deleitosas verbas e melodías con que lle can-



Ouxento artístico comemorativo das Bodas de Ouro ofrendado ó Santo Apóstolo.

Igual lembranza recibiron os coros asistentes

tara á Virxen María o Rei Sabio. Diríxese logo ó Sr. Cardeal pra agradecerlle o honor de presidir o auto máis importante da nosa Comemoración y remata pregando:

«Namentras pedimos a Deus que sexa éste o ben que máis estimemos (a Fe), pedímosche, Santo Apóstol, que Galicia camiñe polos vieiros da prosperidade, pra que ningún dos seus fillos teña que ir a morrer de saudade en lugares alleos e pra que todos, sin diferencias inxustas, teñan casa, teñan fogar, teñan traballo, teñan pan e teñan felicidade... Pros nosos coristas, e pros nosos

socios, pros nosos amigos e pros nosos enemigos, se é que os temos, ainda que coidamos que non. Axúdanos ca tua intercesión, Santo Apóstolo Xacobe. Como che decían nun linguaxe cuase universal os pelengrinos da Edade Media: *Adyuva nos*.

EISI SEXA».

Contestación do Sr. Cardeal Arcebispo

Da contesta que dou o Sr. Arcebispo escollemos algúns párrafos, que amostran a grande simpatía e o apego que lle tiña a «Cantigas e Agarimos», pola sua laboura artístico-cultural que leva a cabo:

«As festas xubilares da Agrupación «Cantigas e Agarimos» cadran neste Ano Santo, que tamén leva no seu seio o recordo dos anos xubilares con que o Pobo de Deus do Antigo Testamento vivía a ledicia do encontro dos homes na paz e na xusticia dentro da Alianza que con Deus fixeran...

«Hoxe tamén hai gozo dabondo nos corazóns de cantos teñen relación con esta Agrupación Folklórica polos seus 50 anos de vida cultural ó servizo do pobo galego, e que queren celebrar estas festas con senso cristián co mesmo gozo que tantos romeiros que venen percurar a paz e a alegria da i-alma co perdón do Noso Señor neste Xubileo compostelán... Eles venen a axionllarse diante do corpo venerando que se garda nesta Eirexa e a agradecerlle ó Apóstolo a Fe que de El recibiron...

«Todas estas agrupacións que coidan da cultura do noso pobo galego —descubrindo e amostrando os valores que se alcontran na língua, no folklore musical, nas danzas, nas letras, nas costumes—, saivan que todo canto fan tén de seu un outo senso cristián...

«Gózome neste día polos 50 anos de vida de esta Agrupación cultural, desexándolle novas edades de ventura por ben de Compostela e de Galicia...

«E que nesta mañán, cando tódalas outras Agrupacións Folklóricas se axuntan na Catedral pra cantar as louvanzas do Señor co gallo de celebrar as Bodas de Ouro de «Cantigas e Agarimos», se faga verdade a nosa oración pedíndolle a Deus, por intermedio do Señor Santiago, que saiva sempre este



O Sr. Arcebispo recolle a ofrenda que lle presentan os nenos e o Presidente de «Cantigas»

pobo darrle contentamento cas suas obras e servirlle con espírito acougado. Eisí sexa».

O Sr. Cardeal, pra rematar, con tenra e delicada atención adicou unhas verbas en castelán dirixidas ós demáis romeiros presentes que acugulaban as outras naves da Catedral.

No intre da Comunión foi preciso que varios sacerdotes espallados por distintas zonas da Catedral, distribuisen o Pan Eucarístico pra facilitar o acercamento dos milleiros de comulgantes.

Tivo un remate comovedor esta solenísima ceremonia cando, co abalar airoso e impresionante do Botafumeiro, o arrecender do incenso e as melodiosas notas que o órgano espandía como introdución, setecentas voces de homes e mulleres de toda Galicia, louvaban ó «Amigo do Señor», ó noso Santo Patrón, cantando o Hino que, en versión galega de M. Vidán Torreira, fora musicado tan acertadamente polo Mestre Soler.

*

Recepción e entrega da Medalla

Representantes de tódolos Grupos, cas suas Bandeiras, Autoridades —ás que se xuntou tamén o Presidente da Diputación Provincial da Cruña, D. Anxel Porto Anido—, representacións de Centros Galegos, Entidades, Sociedades e invitados, dirixíronse ó Pazo de Raxoi, onde se iba a facer solene entrega do Diploma e Medalla de Prata da Cidade a «Cantigas e Agarimos».

Ca presencia da Corporación Municipal en preno, o Oficial Maior do Concello, don Pablo Piñeiro, dou leitura ó acordo da concesión e seguidamente o Sr. Alcalde, don Francisco López Carballo, dirixeun unhas garimosas verbas de gabanza pola exemplar e teimosa laboura de «Cantigas e Agarimos» no percorrer de 50 anos, e facendo presente que tan meritaria adicación ó arte folklórico da nosa Terra, eran non soio un honor pra Galicia sinon que tamén un orgullo pra Compostela. Por eso a Corporación Municipal, en reconocemento preno, considerou de xusticia premiar os méritos desta Agrupación cando festexa as suas Bodas de Ouro,

concedéndolle o Diploma ó Mérito Cultural e Artístico e a Medalla de Prata da Cidade.

Auto seguido fixo entrega do Diploma acreditativo ó Presidente, Sr. Castro Faya, quen, en sinxelas palabras, declinou o honor de recibir a Medalla, posto que, atopándose presente o Sr. Marqués de Figueroa, Presidente de Honor de «Cantigas e Agarimos», coidaba que naide tan apropiado e con máis mérito podería facerse cargo de recoller tan honrosa distinción.

O Sr. Alcalde pendurou a Medalla do peito do Sr. Marqués, no medio dun forte bater de mans. O ilustre prócer, con doadas, líricas i emotivas frases, agradeceu o risco do Sr. Castro Faya, decindo que acollía pra «Cantigas e Agarimos» tan outa distinción ca mesma ledicia e satisfaición que si fose otorgada á sua persoa, posto que o desempeño da Presidencia da Colexitividade durante catorce anos arreo, tíñanlle feito coller rai-games tan fondas de afeuto e cariño que non era doador esquencer; considerándose ainda como un membro máis en aitivo. Despois de facer unha lixeira referencia da vida

do Coro, dos intres de ledicia, das crisis pasaxeiras, dos traballos pasados pra sostelo nun dino nivel artístico i económico, dou remate á sua intervención facendo presente ó Sr. Alcalde e ós membros da Corporación que preside, o agradecemento de «Cantigas e Agarimos» por este homenaxe, agradeceamento que facía estensivo a tódolos Grupos, Representacións, Autoridades, Prensa, Radio e invitados, pola grande solenidade que ca sua presencia lle estaban dando a estas Bodas de Ouro.

No intre en que a primeira Autoridade local penduraba da Bandeira do Coro o «Lazo» comprementario da distinción otorgada, don Adolfo Anta Seoane, destacado folklorista musical, e D. José Luis Bugallal Marchesi, ilustre periodista e Segredario, que traían a representación do Presidente da «Real Academia Provincial de Bellas Artes», ofrendaron o presente dunha Corbata, cas bandeiras Nacional e de Galicia e unha artística praca de prata, con adicación alusiva, que os ditos comisionados impuxeron na enseña do coro compostelán.






Xantar de Confraternidade

Seguindo o orden do programa, «Cantigas e Agarimos», ás duas e media da tarde, no Claustro e Patio de Cristal do Convento de San Francisco, cedido xentilmente pola Rvda. Comunidade, ofreceu o Xantar de Confraternidade.

Ainda que non foi sinxelo acomodar a máis de oitocentos comensales, polas dificultades de espacio, mesas e servicios, a Xunta Rexidora acertou a solucionálas con ben estudiada organización.


A xente foi ocupando os lugares xa asignados con letreiros, no máis breve or-

den e sin dificultades. A Presidencia destíñouselle a nave dereita do Claustro; a outra da esquerda a «Cantigas e Agarimos»; a nave do frente reservouse ós Coristas Fundadores, invitados do Patronato Rosalía Castro, Academia de Bellas Artes, Representantes de Centros Galegos e outras Sociedades, Prensa e Radio; o Patio do Claustro foi ocupado por compreto polas Agrupacións todas en oito longas mesas ben dispostas. Impoñente espetáculo ofrecía a belida estampa deste improvisado comedor, no que, as mesas axacadas con certa elegancia e bon gusto, o poliforme coorido dos traxes enxebres, a esplendente lumiosidade do sol que, ó través dos vidros ceibaba no patio, xunto



Presidencia do Xantar de Confraternidade





ca alegría que se fixera dona do ambiente, e, sobor de todo a cantidade de comensáis, amostraba todo que era un día de festa grande, de festa maior.

Presideu o Xantar, representando ó señor Cardeal Arcebispo, o Excmo. e Reverendísimo Sr. Obispo Ausiliar —hoxe Obispo Vicario Capitular do Arcebispado—, Monseñor Cerviño e Cerviño. Á dereita e esquerda, o Excmo. Sr. Presidente da Diputación Provincial, D. Anxel Porto Anido, e o Excelentísimo Sr. Alcalde do Concello santiagués, D. Francisco López Carballo; a un e outro lado, o Direitor da Caixa de Aforros de Santiago, D. Xuan Xosé Hernández; Tenentes de Alcalde, D. Xosé Alvariño e D. Manoel

San Luis; D. Xoán Gil Armada, Marqués de Figueroa; Direitor do Hostal, D. Ricardo Rua Pintos; compoñentes da Corporación Municipal e outras persoalidades; todos cas suas respeitivas donas.

O menú, anunciado nuns cartonciños que cada comensal atopou no seu sitio, tiña incruso uns versos alusivos á comellada, e consisteu en: Variedade de Fiambres, Empanadas de Raxo e Año asado con patacas. Logo, Larpeiradas de cocíña, en duas variedades. Viños, Branco e Tinto «Ouro» Ribeiro e Refrigerantes «Coca-Cola». Café e Augardente da Ulla.

Tendo en conta o número de asistentes, tanto a condimentación coma o servicio fo-

ron presentados con tal esmero e tan rápida e abondosamente, que deixou solprendidos a todos.



Representantes do Centro Galego de Santander poñen unha fita bordada á Bandeira de Cantigas e Agarimos, antes do xantar

Con todo, o máis grande éxito conqueri-do foi que, no medio do balbordo, da ledicia, do bon humor reinante, das cantigas, dos bailes, das gaitas e das pandeiras... de non poucos «esceses» —ribeiramente falando—, con que trascurreu e rematou o Xantar, nin o máis cativo axexo de liorta ou incomodo fixo aparición, polo que a sobre-mesa alongouse hasta preto das sete da tarde, na máis compreta convivencia e camaradería. Foi un verdadeiro «Xantar de Confraternidade».

Festival Folklórico

No marco incomparabre da Praza da Quintán, ás sete e media da tarde, déronse cita tódalas Agrupacións pra ofrecer ó pú-brico de Santiago un grande festival folkló-rico de homenaxe a «Cantigas e Agarimos» nas suas Bodas de Ouro.

Ca Praza chea de xente, entre a que se contaban moitos forasteiros e turistas es-tranxeiros, foron rubindo ó estrado os gru-pos interpretando cada un duas ou tres cou-sas tan soio, pra non facer inrematabre a función. Dende a intervención melodiosa e doce da zanfoneira de Monforte, que des-pertou grande curiosidade, hasta a que fixe-ron os grupos todos, cos seus conxuntos

musicais, os seus grupos de baile e a in-terpretación do máis variado i escollido re-pertório con que conta o folklore galego, o intrés e o agrado do púbrico fixose patente no bater de mans con que agasallaba cada interpretación. E non era de estranar: ¡ato-pábanse escoitando os mellores grupos de folklore galegos!

Asegún iban rubindo e autuando, o Pre-sidente de «Cantigas e Agarimos» agasallaba a cada un con unha artística e valiosa «Lembranza» e unha fita prá Bandeira, con adicanza alusiva da Comemoración, como agarimoso recordo da sua desinteresada par-ticipación.

Correspondendo a esta atención, tamén as Agrupacións fixeron entrega a «Cantigas e Agarimos», no mesmo intre, de ouxelos- recordos adicados.



Unha zanfoneira de Monforte

Xa mediado o festival, anoitecendo, o tempo, que fora tan espréndido milagreiramente no percorrer do día, trocou a sua faciana radiante pola tristeira escuridade de



Troque de lembranzas e ouxetas comemorativas entre «Cantigas» e as Agrupacións

moventes nubeiros, ceibando pasenñamente orballentas pingotas, que se nos antoxaron bágoas de tristura, saloucos de pesar, por rematar tan axiña este ledizoso «Día da Confraternidade», ou poida que fose tamén polo sentimento da despedida ás Agrupacións que retornaban ós seus lares.

Con todo, a orballenta chuvia non tivo

forza pra mollar o entusiasmo dos asistentes ó festival, que seguiron escoitando e vendo o espetáculo. E si non regateou o seu aprauso a cantos interveñían, cando «Cantigas e Agarimos» pechou a xeira ca sua actuación, unha verdadeira chuvia de enxordeiros aprausos, cal fortes trebóns, espandíronse pola praza en gasalleiro homenaxe de afeuto.

Día 4 de Xullo

Non podía esquencarse «Cantigas e Agarimos» daqueles que, en vida, axudaron á continuidade da Agrupación nestes 50 anos. Como estaba programado, foi apricada unha Misa en Galego, na iglesia das Animas, ás dez da mañán dese día, pola i-alma dos Coristas, Direitivos e Socios difuntos, na que o coro cantou diversos motetes, trasladándose logo ó Campo Santo de Boisaca, onde se cantou un responso por todos, con ofrenda de frores diante da Cruz dos Caídos.

Como remate das Bodas de Ouro, dende Boisaca a Coleitividade dirixeuse á Praia de Coroso-Riveira, onde a Xunta Rexidora agasallou cun espréndido Xantar ós compoñentes do Coro, facéndolles entrega a cada un de unha «Lembranza» en prata, ca insíña esmaltada e con adicanza grabada, como recordo da participación nos autos comemorativos.

■ ■ ■

Os días 21 ó 24 de Xullo, celebráronse as IV Xornadas de Folklore Galego, patrocinadas pola Casa «Coca-Cola» e organizadas pola Sociedade Compostelán de Festexos. Por xentileza da dita Sociedade foron adicadas á Comemoración das nosas Bodas de Ouro e a nosa Agrupación tomou parte nelas fora de concurso, correspondendo a esa atención, o día 21.

Aunque o mal tempo desluceu estas xornadas, que tiveron por marco o Craustro do Convento de San Francisco, en lugar da Praza da Quintán, a concurrencia foi grande, e «Cantigas e Agarimos» foi ouxeto dun agarimoso homenaxe de simpatía.

* * *

No mes de Nadal, o día 16 e 17, como remate do ano comemorativo das Bodas de Ouro, a Agrupación agasallou ós vellos acollidos nos asilos de Carretas e do Camiño Novo con autuacións, facéndolles entrega, ademáis, de ouxetos, larpeiradas e tabaco, doadas pola Xunta Rexidora e con aportacións particulares dos mesmos coristas.



En Sameiro - Portugal, con motivo dunha actuación en Braga, o 7 de Abril de 1971



CANTIGAS E AGARIMOS


Agrupación Folklórica de Santiago de Compostela

BODAS DE OURO FUNDACIONALES

1921 - 1971

Distincións pra «Cantigas e Agarimos» nas Bodas de Ouro

Foron concedidas polo Excmo. Concello Municipal de Santiago,
o «Patronato Rosalía de Castro»
e a «Real Academia Provincial de Bellas Artes de La Coruña»



Tres moi honrosas distincións viñeron a facer más ledas ainda as xubilosas xornadas dos 50 anos da nosa Agrupación adicados ó servicio do folklore e das tradicións galegas.

A primeira, a concesión da *Medalla de Prata* da cidade de Santiago, ó Mérito Cultural e Artístico, con que o Concello quixo reconocer os méritos da nosa Colexitividade e premiar así a sua laboura folklórica e ar-

tístico-cultural levada a cabo nese percorrer do medio século.

A segunda, o nomeamento de *Socio de Honra* feito polo «Patronato Rosalía de Castro» en favor da Agrupación, por colaboracións prestadas en pro dos fins do Patronato e do arte folklórico galego.

Sr. Presidente de
"CANTIGAS E AGARIMOS".
Santiago.

Benquerido amigo:

Teño a meirande ledicia en poderlle comunicar, de xeito oficial, que na derradeira xuntanza de ésta de Goberno que me honro en presidir foi tomado, por unanimidade, o acordo de nomear a Entidade que vostede preside tan dinamente **SOCIO DE HONRA**, a tenor do que nos permite o párrafo segundo do artícuilo VI dos Estatutos actualmente vixentes e que, copiados á letra, di: "Serán socios honorarios las personas o entidades nombradas por la Junta de Gobierno, por su contribución relevante a los fines del Patronato".

Cóldou esta Xunta da miña presidencia que "Cantigas e Agarimós" --que cumple agora os cincuenta anos do seu nacemento-- ten feito e está facendo polo rexurdimento do noso folclore e costumbrismo esforzos sin par. E, de un xeito máis directo, ten axudado aos sonos diste Patronato con tanto agarimo como o mesmo nome da Entidade sinala.

Co gallo das celebracións que esa Entidade fará pra celebrar as bodas de ouro, este Patronato --que quere estar arredor de vostedes pra agarimalos en canto sexa posible-- prenderá na súa Bandeira unha CORBATA conmemorativa e faralles entrega do PERGAMEO correspondente a tal nomeamento de **SOCIO DE HONRA**.

Sábeme, señor Presidente, cordial amigo que o saúda no nome de todos nós.


Agustín Sixto Seco
Presidente.

A terceira, a valiosa *Corbata* que, con adicatoria grabada sobre prata, a «Real Academia de Bellas Artes Ntra. Sra. del Rosario, de La Coruña», quixo sumarse á nosa Comemoración, en reconocemento de méritos artístico-musicales contraídos.

Quen decote viveu desamparado, esquenrido, sin acoller a máis miuda axuda nin sentir o agarimoso quentor dun agradeceamento a unha laboura ingrata, feita con grandes sacrificios e sin máis intrés que o

amor á Terra e ó pobo en que fumos nados, estas concesións honrosas acugúllanos de ledicia e aguióllanos a seguir turrando do carro con máis azos e forzas.

Mais tamén nos obriga a que, dende o máis fondo do corazón, fagamos eiquí presente noso agradecemento ó Sr. Alcalde e



Corbata da Real Academia de Bellas Artes

ós membros da Corporación Municipal, por esa atención e polas axudas económicas que nos concederon con voto unánime.

No mesmo senso, a nosa gratitudé diríxese tamén ó doutor Sixto Seco e á sua Xunta do Patronato; a D. Manuel Chamoso Lamas, ó Sr. Bugallal Marchesi e o señor Anta Seoane, Presidente, Segredario e Ponente Musical respeitivamente, da Real Academia Provincial de Bellas Artes.



CANTIGAS E AGARIMOS (Fotografado que se conserva do ano 1923)



Anacos dunha vida de 50 anos

UN PRECURSOR :

D. PERFEITO FEIXOO PONCET

O trebón das loitas sostidas polos orfeóns en Galicia nos tres primeiros lustros do século que corre, amainóuno a I Guerra Europea. Nese intre colléu supremacía a laboura coral enxebre do farmacéutico pontevedrés D. Perfeito Feixoo.


Os seus «Aires da Terra», que se tiñan espallado alén do mar, nas Américas, tiveron a virtude de deixar espandida a semente nas nosas vilas más importantes, que logo daría o froito da creación dos coros galegos.

Axiña agromaron vizosos «Toxos e Froles», «Cántigas da Terra», «De Ruada» e outros, que non tiveron tanta pervivencia. Con eles xurdía tamén, no ano 17, «Queixunies dos Pinos», en Santiago, baixo a dirección dun rapaz novo: Bernardo del Río. A presidencia levavaa D. Salvador Cabeza de León, e formárase con xente nova e algúns elementos dos orfeóns «Valverde» e da «Artística». Cando se dispoña saír ás ruas, o gri-

po do ano 18 levóu á cova a máis da mitade dos compoñentes, incluindo tamén ó seu Vicepresidente e gran galego D. Luis Porteiro Garea.

Hastra 1920 non se logróu conxuntar novos elementos. O entusiasta fotógrafo da Calderería, D. Enrique S. Guerra, presidéu o intento e o popular «Centro Católico» da Rúa do Vilar acolléu no seus locales ós enxebres cantores.

Os coros galegos, que comenzaran a sua laboura con homes solos, deron entrada ás rapazas nos conxuntos, porque así o eisixían as cantigas e os bailes. O coro santiagués fixo outro tanto. Mais o «Círculo Católico» non permitéu esta «mistura», que naqueles tempos era un escándalo e un pecado grave. Chamaron a outra porta, que garimosamente lles foi aberta polo Presidente da «Unión Protectora de Artesanos», D. Manuel de la Torre Lago, que era Praiticante Maior do Hospital.



En homenaxe ó Arcebispo que tomara posesión da sede compostelán, o galego Lago González, en Maio de 1924, celebrouse unha velada na que se puxo en escea o drama «La Reina Lupa», de M. Vidal Rodríguez. «Cantigas e Agarimos» interpretou as partes corais da «Comparsa de Xuglares» e os «Coros de Peregrinos».



Foto do ano 1928

«CANTIGAS E AGARIMOS»

Eisí xermolóu o arbre de «Cantigas e Agarimos», pois o nome de «Queixumes dos Pinos» xa se apropiara dél outro coro formado en Vigo un ano antes.

Nas festas do Apóstolo do 1921 facía a sua presentación no Teatro Principal e logo na Alameda, arranxado con roupas empastadas no Hospicio e outras arrecadadas en tódalas aldeas dos arredores de Santiago, pois por aqueles anos era doadó ollar ainda a vestimenta enxebre nos labregos, principalmente os de certa edade.

Nas mesmas festas intervén con outros coros galegos e compróbase que non desmerece deles. Fixo algunas saídas que acreceron o renome que iba conquerindo e que lle facilitaron o poder mercar vestimenta nova.

No ano seguinte e tamén nas Festas poido xa presentarse no Teatro Social con toupa relocente e cum programa longo e ben escollido e concuxtado.

A Cruña, Pontevedra, Ferrol, Lugo... toda Galicia, apraude a «Cantigas» e concéddelle un posto entre os xa consagrados.

A «Liga de Amigos», no ano 1923, agasalla ó coro cunha valiosa Bandeira bordada —que hastra agora foi usada— pola participación no realce das festas por ela organizadas.

Os repertorios dos coros esgótanse e moitos deles repetían os mesmos cantos. Bernardo del Río non quixo que fose eisí e dou en percorrer aldeas e lugares apartados en percusa de material novo, chegando a facerse con un repertorio propio e variado. Concibe a idea de escenicalos. Caiimil Díaz fixo os pirmeiros decorados pra unha fiada e unha cantiga mariñeira, que foron moi ben acollidas.

Con elas, en Vilagarcía, seus amigos M. Rey Posse e X. Buhigas, dianlle a idea de amañar unha pequena «zarzuela», encargándose eles do guieiro literario. Así veu ó mundo «A Leenda de Montelongo», que foi paseada por toda Galicia con xeneral aprauso.

Os anos 1924 ó 1928 foron para «Cantigas» os de máis grande aitividade, chegado e erguer o Coro ó cumeiro da sona pola sua valía. Presidíao naquelas datas don Xacobo Varela de Limia.

A pírmeira película de «La Casa de la Troya» recolle esceas do coro que espanden máis a sona conquidera. Chaman ó coro pra autuar nas esposicións de Barcelona e Sevilla en 1929, que non pode atender por imposibilidade de traslado de varios elementos indispensabres. Polo mesmo motivo deixa de facer grabacións en discos, requerido por duas casas de Madrí e Barcelona.



D. CAMILO DÍAZ BALIÑO

malogrado artista i escenógrafo, entusiasta
colabourador da nosa Agrupación.

Tendo arranxadas o Sr. Del Río novas estampas pra escenificar cos decorados feitos por Camilo Díaz, xa medio pagados, preséntaselle a «Cantigas e Agarimos» a proposta de un viaxe ás Américas. Os que a facían nada máis se comprometían a pagar o viaxe de ida e anticipar unha cantidade pros preparativos. A Xunta Direitiva esixía, ademáis, o depósito nun Banco do importe do viaxe de volta, polo que non chegou a pecharse o trato.

Entón acodiron a «De Ruada», que aceitou. Por medio de Camilo Díaz, o coro ourensán pidéu a «Cantigas» a cesión dos decorados e partituras das estampas. Os pírmelos, cedérone, mais a música non, porque o señor Del Río, autor dela, non quixo. Logo, D. Daniel González, conoedor dos temas das estampas e de parte da música, soupo arranxalas a sair airoso. Camilo Díaz foi con eles ás Américas.


Sin menoscabo de todos os entusiastas coristas desta pírmeira etapa, forzoso, é sinalar a Celestino López, gaiteiro e axudante de Del Río na dirección do coro; Costante Ferreiro, bombo; Antonio Tojo, tamborileiro; Emilio Alfonsín, mañoso pandereteiro. A primeira parexa de baile, Manoel Domínguez (Cos) e Carmiña Vicente, así como as dos nenos Santiaguiño Méndez, Maroño, Isabeliña Chapela e Tena Ferreiro. No teatro, o xa dito Cos, como barítono; Magdalena Sanmartín, como tiple; o tenor cómico Xesús Silva e os actores Pilariña Fuentes e Manoel Pita, que ademáis foi peza principal no vivencia de «Cantigas».

A inquedá e fervente situación no orden social e político de España; a chegada da Repúbrica e tras dela o Movemento Nacional amortuxaron a marcha do coro e viveu casi morto hasta rematada a nosa guerra, principalmente por falta de local.

Renacéu con pulos en 1940 pra un homenaxe ós mestres de Orfeóns, Valverde e Ladislao, e logo púxose en escea «A Leenda de Montelongo» con fins benéficos. Por non ter actualizado o Reglamento gubernativamente veuse obrigado a encadrarse na obra S. de E. e D., baixo o nome de «Coral Gallega de E. e D.» e máis tarde co de «Rossllía Castro».

A man mestra de Del Río nesta etapa reverdecéu axiña os loureiros sementados, conquerindo acadar pró coro o nivel dos más calificados.

As xiras a Madrí e Cuenca en 1943; as de Avilés, Xixón e Oviedo en 1945; o conquerimento do pírmeiro premio no Concurso de Coros en Lugo no 1949; outra xira a Madrí en Maio de 1952; foron escadas polas que chegou ó cumeiro da sona en Galicia enteira.



1941: Reposiciún de «A Leenda de Montelongo» en homenaxe ós mestres Valverde e Ladislao
Antre os compoñentes atopase o autual Presidente Sr. Castro Faya

Mais non foi soio conquerido este presidio na nosa Terra. Véxase, como mostra, as opinións e críticas que, por parte da prensa, mereceu o Coro das suas actuacións en Asturias:

«La Coral Gallega de Santiago de Compostela logró ayer notables éxitos en nuestra Ciudad, culminando en las dos funciones ofrecidas a nuestro público, a sala llena, en el Teatro Palacio Valdés».

Fai unha longa reseña da estancia en Avilés, visitas, atencións, etc., pra rematar enxuizando a actuación:

«... Por la tarde y noche, esta prestigiosa Coral Gallega dio sus anunciados conciertos ante numeroso como selecto público, en el Teatro Palacio Valdés. El Programa, muy extenso y escogido, evidenció la eficacia artística de las huestes del Maestro Del Río, que obtuvieron un señalado éxito, viéndose en la precisión de bajar algunas de sus obras, en ambas funciones.

El Secretario del Ayuntamiento avilesino, Sr. González Garrido, hizo la presentación del coro en ambos conciertos.

La impresión recogida por nosotros acerca del alto valor artístico de la Coral compostelana, acredita a ésta como una de las mejores agrupaciones que hasta ahora han visitado nuestra región. Claro es que a la perfección interpretativa, a la disciplina y magnífico empaste de las voces blancas y viriles de este coro, han contribuido en alto grado, la autoridad y prestigio de su director, D. Bernardo del Río, eminentе compositor y musicólogo gallego.

Prosiguiendo su gira artística por Asturias, patrocinada por la «Casa Gallega» de Oviedo, la Coral compostelana se trasladará esta tarde a Gijón donde actuará en los Campos Elíseos. La meta de los cantores gallegos será Oviedo, en cuya capital dará varios conciertos mañana y pasado. *Fontán*.

(De «La Voz de Avilés»).

«DIVAGACIONES. Gijón respondió espléndidamente al acto confraternal galaico-astur de ayer, que resultó extraordinario.

El Teatro «Campos Elíseos», el de más capacidad de Asturias, se llenó absolutamente. A sus 2.300 localidades hay que añadir, por lo menos 200 espectadores que, no teniendo acomodo, estuvieron de pie en la presentación de la Coral Gallega de Santiago de Compostela, cuya excursión está patrocinada por la «Casa Gallega» de Oviedo... Comenzó el espectáculo con unas palabras del Padre Carballo que emocionaron al público, compuesto por gentes de todas las clases sociales, para dar paso a la intervención de la Coral...

El ilustre músico gallego, D. Bernardo del Río, que tanto ha calado en el sentido múltiple del folklore celta, nos demostró desde el primer momento que había logrado de su Masa Coral los más exquisitos efectos, por la combinación de las voces y sus matices, que llegaban a la exquisitez. El Maestro Del Río es algo muy extraordinario... Todas las formas del sentimiento popular gallego nos las fue mostrando con una delicadeza emocionante. No es posible ir analizando en esta fugaz impresión cada obra cantada, pero baste decir que en ningún momento, en ninguna obra hubo decaimiento ni flojura. Todo se mantuvo en una unanimidad de perfección, destacándose algunas voces blancas y la tan numerosa como magnífica cuerda de bajos.

La parte bailable, muy acertada, y la pareja infantil, deliciosa, por la gracia en el trenzado de los movimientos y la seguridad en el ritmo. Si al final de cada obra de concierto resonaron estruendosas ovaciones, la otorgada a aquellos dos «peques», constituyó una verdadera tempestad de aplausos...

En la función de la noche volvió a repetirse el lleno en el teatro. El éxito, pues, tanto artístico como de homenaje de Gijón a la ciudad compostelana, no pudo ser más magnífico. La Coral Gallega de Santiago, queriendo corresponder a aquel acto de confraternidad, interpretó por la noche la canción asturiana «Copla popular ovetense», de Torner, y a petición, «Negra Sombra», de Montes, que había sido ofrecida por la tarde, y que es una obra de alto valor musical. *Adeflor*.

(«El Comercio», de Gijón).

Galicia en Asturias. Una jornada de arte inolvidable.

«Según estaba anunciado, ayer, en funciones de tarde y noche y con un lleno absoluto, se celebró en el Teatro-Cine de los Campos Elíseos el magnífico festival de arte que fue muy del agrado de la numerosa concurrencia y que ha valido un resonante triunfo a la Masa Coral Gallega de Santiago, encuadrada en la O. S. Educación y



Madrid, año 1943

Diante da Estación do Norte, o Gobernador Civil de Cuenca, Sr. Del Valle Vázquez, pousa cos coristas





1945: Diante do Concello Municipal de Xixón

Descanso, agrupación de indiscutible valía artística...

La ejecución del programa, extenso y variado, empresa nada fácil, por la diversidad de las obras, que requerían gran dominio de las voces, fue magníficamente ejecutado. Y así se nos sirvió, con una dignidad poco frecuente artísticamente hablando, «Alborada de Veiga», «Os teus ollos», «Unha noite na eira do trigo», composiciones de las que el aficionado asistente guardará grato recuerdo, junto con foliadas, pandeiradas, alalás, melodías y otras canciones del rico y colorista repertorio folklórico gallego.

Gustaron también las muiñeiras de las parejas de baile, sobre todo la interpretada por la pareja infantil, que arrancó una apoteósica salva de aplausos...

Fuera de programa y a petición del público, fue interpretada «Negra Sombra», canción de difícil ejecución, que sirvió para demostrar la valía coreográfica de los componentes de esta magnífica Agrupación, que dirige con tanto acierto el distinguido compositor gallego maestro Del Río».

(De «Voluntad», Gijón).

F. M. Miraz

Obtuvo un grandioso éxito la Coral Gallega de Santiago en el «Filarmónica».

«Rara vez resonaron los aplausos en las salas de espectáculos de la ciudad ni con tanta fuerza ni con tanta insistencia como ayer tarde y noche en el «Filarmónica», para premiar la actuación de la Masa Coral Gallega de Santiago.

La música de la región limítrofe, igual la dulce que la bravía, en su cadencia, ritmo, intención y sonoridad tan semejante a la nuestra, exaltación y coronación suprema alcanzó con tan felices intérpretes, para que el público gallego y asturiano que llenó la amplia sala en los dos conciertos, fuese presa de entusiasmo por las hondas emociones sentidas y llegara a aplaudir puesta en pie, y visiblemente conquistado por el encanto de tanto romance lírico desgranado.

Subió de súbito el entusiasmo del auditorio en la interpretación por el mixto conjunto coral de «Unha noite na eira do trigo», de A. Salgado, pieza de la más delicada armonía, en la que las voces blancas, penetrantes y enardecedoras en un juego ale-

gre y enamorado con las de color en primoroso ajuste interpretativo, hicieron estallar la más clamorosa ovación.

De las tres partes de que se componía el programa, resulta difícil destacar la mejor, pues que en todas ellas el rico tesoro que encierra el folklore gallego dejó en sus diversos «andantes» y volúmenes de voz la pureza de su origen y significado.

Unicamente en un amplio espacio del que carecemos podríamos transmitir a nuestros lectores la grandeza de las costumbres, sentimientos y carácter de la región hermana, que con una interpretación primorosa transmitieron a los ovenses y a sus paisanos de acá los componentes de la Coral Gallega de Santiago.

Faltos, pues, de ese espacio, hemos de sintetizar el comentario a la actuación de tan maravilloso conjunto lírico en el juicio ya generalizado, de que el alma y el paisaje de Galicia se proyecta en sus canciones, impulsado con maestra mano por la capacidad artística de su Director Maestro Del Río.

(«La Voz de Asturias», de Oviedo).

En el «Filarmonica». Actuó, con excepcional éxito, la Coral Gallega.

Esta agrupación artística compostelana, cuya actuación va a ser objeto de nuestra crítica de hoy, después de su presentación en el Teatro Filarmonica, llegó a Oviedo merced al decidido interés que en ello puso la «Casa Gallega». Fácil era adivinar el éxito, contando, de antemano, con que la Coral santiaguesa la dirige un prestigioso músico; D. Bernardo del Río.

Para que el Teatro Filarmonica rebosara de público fue suficiente la crítica de sus actuaciones en Avilés y Gijón, altamente encomiosas... Con tantas influencias en el ánimo, llegamos a ocupar nosotros la localidad en la función de la tarde.

Desde la primera canción, una sentida «foliada», se ajustó nuestra complacencia al espectáculo. Muchas veces sentimos la máxima emoción de las canciones, porque, probablemente, va muy poco del alma galega a la astur, Celtas, al fin, muiñeiras o alboradas, alalás, baladas y bailes, reavivan en nosotros la sensación de lo racial. Somos los mismos; los pueblos pirenaicos in-



Autuando no Teatro «Campos Elíseos», de Xixón



«Cantigas e Agarimos» no ano 1950

fluenciados por los prehistóricos hombres que buscaron las acogedoras costas del Cantábrico...

Las dulces y armoniosas canciones que interpretó la Coral fueron aplaudidas con todo calor, por su belleza, su sentimiento y su impecable ejecución. Cuando la agudeza presidía en la letra, casi siempre en el aire de muñeira, de villancico, del «tan, tarantán», característico del rítmico pandero, la sensación de hermandad con la canción asturiana se hacía mayor...

La Coral está formada por un conjunto de voces frescas, naturales, con lo que la canción popular no pierde nada de su verdadero valor... Muchas de las canciones hubieron de ser repetidas ante la insistencia del general aplauso... Anotamos en la parte bailable la actuación de una pareja de niños que bailan la muñeira maravillosamente, tejiendo los pasos de contradanza con una elegancia y gracia admirable...

Es una excelente embajada gallega esta de la Coral compostelana, que ayer alcanzó tan extraordinario éxito en su presentación. — B.

(De «La Nueva España», de Oviedo).

Triunfo apoteósico de la Coral gallega de Santiago de Compostela.

La presentación en Oviedo de la Masa Coral Gallega han constituido un éxito apoteósico. El Teatro Filarmónica registró dos llenos imponentes y la gente juntó las manos para ovacionar con calor todas las interpretaciones musicales del coro compostelano que dirige maravillosamente el eminente músico Bernardo del Río.

El programa ha sido escogido con sumo cuidado y la Agrupación Coral nos ha traído de Galicia lo mejor de la tierra hermana. No sabemos qué parte ha merecido más elogios del público, porque todas han sido, en verdad, excelentes de ejecución. Se ve, sobre todo, la obra sabia de un director que sabe dar vida y fuerza expresiva a las bellas composiciones, ante las cuales el público ovetense se entregó por completo. ¡Qué melodía! ¡Qué armonía!

La Galicia, dulce, brava, musical, de naturaleza apasionante, vino en cada canción y llegaba a los corazones del espectador, que hubiera querido aplaudir irresistiblemente antes de terminar la obra arrastrado por tanta grandeza. Sobre todas, queremos

destacar, de la primera parte, «Unha noite na eira do trigo», de Salgado, a cinco voces mixtas. En ésta se reveló el genio del gran director que es el Sr. Del Río; aquí se puso de manifiesto la riqueza musical de una región poética, encantadora. Tres veces se cantado porque el público, ardientemente, así lo había pedido...

Y hemos de hacer punto final, porque sería cosa de repetir los elogios que se harían interminables. Sólo queremos decir, que el éxito alcanzado por la Coral Gallega de Santiago es un éxito sin precedentes; como decimos al principio, apoteósico.

(De la «Hoja del Lunes», de Oviedo).

Pra dar unha idea do interés que tiña despertado en Oviedo a actuación da Coral, despois do éxito conquerido en Avilés e Xixón, copiamos do diario «La Nueva España», esta queixa periodística:

Algo que no debiera ocurrir.

No somos nosotros quienes para intervenir en la organización interior de alguna empresa. No sabemos tampoco si los espectáculos públicos están reglamentados por alguna autoridad competente con fueros suficientes para poder intervenir en las anomalías que se produzcan...

Viene esto a cuento, porque ayer, con motivo de la actuación de la Coral de Santiago de Compostela, ocurrió algo tan anómalo, tan fuera de lugar, y que tan poco dice en favor de nuestra ciudad, que entendemos llegado el momento de intervenir. El hecho fue el siguiente:

Desde poco después de las nueve de la noche el público se congregó frente a la taquilla del Filarmónica, con el propósito, naturalmente, de adquirir su localidad. A medida que el tiempo avanzaba, el número de concurrentes iba en aumento también, hasta el punto de que la «Cola» llegó a tomar proporciones desconocidas en Oviedo. Y la taquilla sin abrir. El espectáculo de la segunda función estaba anunciado para las diez y media, y el despacho de billetes fue abierto a las diez de la noche. Consecuencias: Que eran las once y aun se estaban despachando las localidades. Conflicto que se agravó al agotarse el papel y quedar muchos espectadores sin localidad después de tan larga espera.

Prefirimos no hacer más comentarios. Ahí queda el hecho expuesto tal y como fue y quiera Dios que esta vez no caiga en el vacío.

* * *



«Cantigas» cando era Coral Gallega «Rosalía Castro» - 1951



BERNARDO DEL RIO PARADA

Músico e compoñedor enxebre

Direitor - Fundador de «Cantigas e Agarimos»



Pouca importancia e ningún mérito tería si nós fixésemos unha louvanza de quen no percorrer de trinta anos foi noso Direitor. Deixaremos que outros o fagan, porque coidamos que as opinións alleas son más merecentes de creto cas propias.

Copiamos uns anacos dunha reseña periodística pubricada nun diario de Oviedo, reproducida despois no xornal xa desaparecido «El Compostelano», en Diciembre de 1945:

«...Después de insistir que en las dos funciones de Oviedo obtuvieron un éxito clamoroso, como no se recuerda, quisiera dedicar unas líneas como final al gran músico Bernardo del Río.

Yo no sé si Compostela y Galicia se habrán dado cuenta perfectamente de la gran personalidad musical del folklore gallego que hay en Bernardo del Río. He podido apreciar que Del Río es un hombre frío en las manifestaciones ordinarias de la vida, pero tiene un alma rebosante de amor a Galicia, y esta alma se refleja por entero en su rostro cuando al frente de la Coral arranca a ésta, en cualquier canción, matices insospechados, gusto exquisito, donde vibra desde el primero al último compás, todo el temperamento artístico y toda la sensibilidad que llena su corazón.

La Coral forma un conjunto notabilísimo y en ella hay elementos de verdadera valía, pero el éxito de sus triunfos se los debe al gran músico que supo modularlas e imprimirlas esa sensibilidad y esa alma, sin las cuales la música sería muerta.

Creemos que si Bernardo del Río pudiera acaudillar una agrupación donde la cuestión económica no fuese un problema muy serio, nos permitiría asegurar que daría muchos días de gloria y honor a Galicia.

Santiago debe ese homenaje a Bernardo del Río, al que esta Sociedad que presido se sumaría gustosa. Ahí queda la iniciativa, para que el Excmo. Ayuntamiento santiagués y el elemento musical compostelano la recoja y la haga realidad.

... Repetimos que Compostela y Galicia entera tienen una deuda de gratitud con Del Río. ¿No podría el elemento oficial subvencionarle para que organizase una gran Masa Coral Gallega que llevase en paseo triunfal por todo el orbe los encantos de las recias y dulces melodías que atesora nuestra «meiga» tierra?

Avelino Rodríguez Costas

Presidente del Centro Gallego de Oviedo.



Co finado Arcebispo, antes da saída pra Madrí, na xira de 1952

Cando voltaba o coro da xira a Madrí o 22 de Maio de 1952, o tren en que viaxaba sufre o accidente aquel de Pazos-Padrón, no que perderon a vida 14 persoas, ademáis de moitos feridos, sin que a ningún compoñente do coro, por milagre, lle ocurrixe algo. Mais pro Sr. Del Río, xa ca doença ás costas, foi un golpe que apurou a sua morte; o 6 de outono, catro meses despóis, deixaba orfo ó coro pra sempre.

A sua morte representou unha sentida perda pra Agrupación e un día de loito xeneral en Santiago, posto de manifesto no intre do seu enterramento. O pobo todo participou nél e as Bandas de Música Municipal de Santiago, a da Estrada e a de Vilagarcía, que él había dirixido, rendéronlle tamén o derradeiro tributo ca sua presencia. Os que habían sido seus discípulos no Coro en tódalas épocas ofrendáronlle tamén o sentimento do seu door, ca interpretación do «Misserere», 'do Mtre. Valverde,

diante da Iglesia das Animas ó seu paso, e logo no Camposanto de Santo Domingo.

Novos e vellos coristas propuxeron a idea de facerlle un Homenaxe póstumo ó chorado mestre Del Río. Formouse unha Comisión baixo a Presidencia do Sr. Marqués de Figueroa. Nela formaban, ademáis dos representantes de Entidades e Organismos oficiais e privados de Santiago, D. Secundino Rey Zabala, como Segredario, e don Ramón Otero Brea, nas funcións de Tesoureiro, que, con D. Manuel Pita García, de Vocal, eran os tres coristas fundadores de «Cantigas e Agarimos».

Con tal fin ensaiouse e levouse a escea unha vez máis a sua pequena «zarzuela», verdadeira xoia da música popular galega, «A Leenda de Montelongo». Da dirección musical fixose cargo o profesor da Banda Municipal D. Francisco Rodríguez; da teatral D. Manuel Pita e da coreográfica Cri-santo.



As irmáns Chiruca e Doores Vilariño, no papel de *Mariña* e *Tía Folerpa*, respectivamente; Manoel Suárez Moscoso, o de *Xan*; e Manoel Pita García o de *Tío Selmo*. Todos eles felices intérpretes na reposición de A LEENDA DE MONTELONGO, en póstumo homenaxe ó seu autor.

O éxito artístico destas representacións, levadas a cabo en Santiago, na Estrada e en Vilagarcía, foi tan grande como cativo resultou o económico, pois aparte dos gastos de mobilizar máis de cincuenta componentes do coro, da tramoia, aluguer de teatros, propaganda, etc., levábase a cargo dos honorarios e gastos dos 20 músicos que formaban a orquesta.

DE NOVO, «CANTIGAS E AGARIMOS»

Foi aproveitada esta circunstancia do Homenaxe pra conquerir a independencia do Coro, e, despois de xestións con froito, logrou integrarse na Masa Coral Compostelana —sin aitividades dende facía tempo—, creada e con sede no Círculo Mercantil e Industrial.

O seu Presidente, D. Emilio Pérez Mariño e os direitivos D. Pedro Landa Paz e D. Rodolfo López Veiga, foron os que máis teimaron e traballaron pra este logro, xunto con D. Felipe García, que adiantou os cartos pra nova vestimenta e material, cantidade da que se fixeron responsabres direitivos e coristas e que foi amortizada en menos de dous anos, cas autuacións do coro.

Temos que resaltar e louvar o sacrificio que se impuxeron as Señoras dos direitivos do Mercantil, que confeicionaron a roupa toda femenina gratuitamente, baixo a dirección da Sra. do Presidente, Sr. Pérez Mariño.

Na nova Xunta formada encomendóuselle tamén a presidencia ó Sr. Marqués de Figueroa que, dando mostras do cariño e simpatía que tiña pola Agrupación, non puxo reparo algúin. O seu mandato, preno de acertos, levouno arreo dende o ano 1953 a 1969.

Os demáis direitivos eran: don Felipe García Ramos, D. Pedro Landa Paz, D. Secundino Rey Zabala, D. Ramón Otero Brea, D. Rodolfo López Veiga, D. Gabriel Estévez Fernández, D. Manuel Pita García, D. José Gutián Seijo, D. Crisanto Sanmartín Beiroa y D. Manuel Suárez Moscoso.

Outra vez con persoalidade propia, con entusiasta Direitiva, con nova vestimenta, baixo a dirección de D. Francisco Rodríguez, o coro prosiguéu o seu camiñar.

A circunstancia de que o Mtre. Del Río estivese ó frente do coro máis de trinta anos, non dou ocasión a que outros poideran coller a batuta hastra 1952, en que nos deixou pra sempre.



D. Francisco Rodríguez Rodríguez
que foi Profesor solista e Subdireitor
da Banda Municipal de Música
a quien polos servicios prestados ó coro se
lle otorgou o título de DIREITOR HONORARIO



Don Manuel Iglesias Domínguez
Profesor tamén e actual Subdirector
da Banda Municipal de Música
que impulsou grandemente a vida do coro
como Director en duas ocasións

D. Francisco Rodríguez, que o sucedeu, mediante desvelos, constancia e sacrificios e sin percibir ningunha gratificación durante varios anos, non soio poido guiar o coro por bons vieiros sinon que tamén logrou conservar o nivel artístico conquerdido anteriormente.

As dificultades económicas do coro e as outras de orden profesional dos interesados, impidiron decote contar con un director titular. Bandas, orquestas e conxuntos musicales, cos beneficios que reportan, obrigaban a aquéles a non deixar o material polo poramente honorífico.

Eisí, D. Francisco veuse forzado a deixarnos. Sucedeno D. Benigno Santos. Logo, D. Manoel Iglesias Domínguez, en duas ocasións. D. Rosendo Mato Hermida, en outras duas, D. Miguel de Santiago e D. Xosé Luis Goris Picón. Con todo, uns e outros souperon guiar a marcha artística do coro con acerto e dinidade.

Pasaxeiramente tamén dirixiron a Agrupación D. Ramón Santomil, D. Vicente Cobas, D. Xosé Garabale e D. Ramón Fernández.

Os ensaios levábanse a cabo primeiro, no Círculo Mercantil; logo, nun local cedido polo Istituto Femenino «Rosalía Castro»; más tarde, nun local de bailes que por aqueles tempos había na calle do Pombal, xentilmente emprestado polo seu dono don Eutropio Rodríguez.

Por primeira vez na vida de «Cantigas e Agarimos» puidose chegar a local propio no ano 1957. Nesta arriscada aventura, que costou moitos cartos, traballos e empeños, tivo unha parte importante aquel entusiasta socio que en vida se chamou *Xoan Parbeito Tarrío*, a quen é de xusticia nomear nesta Memoria pola teima e intrépida que puxo en conquerilo e logo na sua vixilancia e conservación.

* * *



1956: Con motivo dunha actuación pra un Congreso de Ginecología



Don ROSENDO MATO HERMIDA

Direitor de «Cantigas e Agarimos»



D. Rosendo naceu en Villalba (Lugo) e formou parte dunha das duas Bandas de Música que por aquel entón había na vila.

Trasladouse a Santiago pra ingresar na Banda Municipal, prosegundo os estudos musicais co ilustre mestre D. Ricardo Fernández Carreira.

Despois de varios anos, deixou a Banda Municipal pra facerse cargo da dirección da Banda Popular de Arca, unha das de máis sona de Galicia, ocupando o cargo 20 anos arreio e acrecendo o prestixio que a Banda tiña.

Ó frente dela conquireu o Primeiro Premio nun certamen de Bandas Populares, celebrado na Estrada o ano 1948.

En dous ocasions anteriores xa desempeñara a dirección de «Cantigas» —provisionalmente, porque estaba ca Banda de Arca—, e baixo a sua batuta grabou o Coro varios discos no ano 1964, pra «Columbia» e «Regal».

Habendo deixado a Banda de Arca, fixose cargo de novo da Agrupación, pero xa de modo efectivo no ano 1970.

Si as suas dotes de capacidade e preparación, xunguidas á inusitada pacencia, incansable traballo, entusiasta e teimosa adicación, xa as puxera de manifesto nas duas anteriores ocasións, agora, sin trabas nin impedimentos, o froito da sua laboura é más real, más efectiva, confirmando o seu valer e a vocación que pra tan difícil cargo ten.

Outra virtude dina de louvanza, é a da facilidade pra facer arranxos musicales e prá composición. Cando o noso Grupo de Teatro puxo en escea por primeira vez en Europa a obra de Castelao «Os vellos non deben de namorarse», o mestre Mato musicou varias partes; entre elas destaca o canto de LELA («Serenata dos Boticarios»), peza de corte crásico, pra acompañar con guitarras, que axiña se fixo moi popular.

Compuxo tamén pró Coro algunas cousas de temas populares, que ainda se cantan, e outras pra gaita. Unha delas, a muñeira «Loliña», belida peza que sirveu de obra de obrigada do Concurso Rexional de Gaitas celebrado en Santiago no ano 1970.

«Cantigas e Agarimos» atópase en boas mans pra conservar e ainda superar o seu prestixio artístico de 50 anos.



«Cantigas e Agarimos» tivo o honor de autuar prás máis outas dinidades e xerarquías da vida relixiosa, política, militar, da sabencia en xeneral, do arte, da industria e hastra do deporte, tanto nacionais como estranxeiras.

Dende o primeiro español, o Xeneralísimo, con cuase todos os seus Ministros, hastra D.a Eva Duarte de Perón; dende o Cardeal Arriba e Castro, hastra o Cardeal Arcebispo de París, Sr. Feltein; dende o Valencia C. F., hastra o San Lourenzo de Almagro arxentino...

O 24 de Xullo do pasado Ano Santo honrouse con facer unha audición privada no Pazo de Raxoi pros Ministros todos do Goberno Español, ó rematar a Cea que alí Iles foi ofrecida polo Concello santiagués.

Abrangueu creto e sona en Portugal en diferentes anos e lugares, moi principalmente no II Festival Luso-Español de Folklore celebrado en Meadela (Viana do Castelo), en San Pedro do Sul, en Braga e no Festival Internacional de Matisinhos (Oporto).

«Cantigas e Agarimos» participou en varias películas, documentales e reportaxes filmados; grabacións en cintas manetofónicas pra todas as partes do mundo; actuacións en Radio e TV. nacionais e estranxeiras, ademáis de grabacións de discos pra diferentes editoras comerciales. O disco que contiña a «Virxe de Guadalupe», popularizado e dado a conocer pola nosa Agrupación, foi o disco de música galega que máis se vendeu en tódalas épocas.



No Parque Municipal do Ferrol. Festas do ano 1956



Na Quintán, con motivo das Festas do Apóstolo do ano 1959



No Hostal, actuando pra 850 pasaxeiros dun Cruceiro Turístico Internacional



1960 : Con ocasión do IV Festival Luso - Galaico de Folklore, en Meadela - Viana do Castelo



En A Piñeira — Taboada - Lugo —, filmando esceas da película «Alma Galega»

Bailadores de «Cantigas»



Celsiña
Quiñoy -
Tito
Sanmartín



Miluco Martí - Rita Taboada

Como xa se dixo, dende a sua fundación, «Cantigas e Agarimos» prestou decote moita atención ós bailes e danzas enxebres, por consideralas indispensabres nunha Agrupación folklórica.

Por eso sempre percurrou contar con boas parejas de baile, tanto de nenos coma



M.ª Xosé Sanmartín - Susiño Alvite

de mozos. Moitos dos bailadores do coro causaron admiración cando actuaban. O Grupo de Baile acadou varios premios en distintos concursos ós que acudeu.



Manoliño Silvela - María Xosé

Dende o ano 1946 hastra o ano 1970 foi istrutor e direitor do baile o corista Crisanto, laboura que nos seus comenzaos tivo a axuda de Suso Cameáns.

Bailadores como Rial, Alvite, Cameáns, Crisanto, pai e fillo, Santi, Varela, Picuco,



Crisanto - Pili Silvela



Fernando - M.^a Xosé

Barreiro, Sotelo, Abucide, Miluco, Xosé Luis, Baldomero, Anxel, Fernando, Xavier, Ramón, Pepe, Ramiro, etc.

As sobresaíntes parejas Rita - Miluco e Tito-Silvela. As de nenos irmáns Mourulio, irmáns Riobóo, Tito-Celsita, Suso Alvite, Manoliño Silvela, Anxel Martínez e María Xosé Sanmartín, Martiña Mosquera, etc.

Non mentamos os nomes das rapazas de valía que formaron no corpo de baile, porque polo seu número encherían a Memoria elas soias. Mais sí temos que decir que, cos ríspaces, fixeron erguer decote as mans do público pra ser agasallados con quentes e longos aprausos.

Na actualidade funciona no local social unha Escola de Danza, creada fai dous anos e que tivo como primeira profesora a Adelina García Fandiño, na que se dan crases

pra todos aqueles que queiran aprender, ó mesmo tempo que se preparan os bailadores do Coro.



Xavier - Susana e Pepe - M.^a Xosé

Hoxe está dirixida moi acertadamente polo corista e bailador Xavier Villasenín Codesido.



Gaiteiros de «Cantigas e Agarimos»

Decote contou «Cantigas e Agarimos» con bos gaiteiros, que lle axudaron a conquerir o creto e a sona que o coro ten. Dende o primeiro gaiteiro que tivo —o laureado Celestino López Sánchez, que pasou a mellor vida poucos días despois de asistir ás nosas festas da Comemoración—, hastra os que hoxe están nel, foron pasando gaiteiros que pola sua valía honraron sempre á Agrupación.

Os nomes de Manoel Iglesias, Basilio Carril, Paco Pose, Xesús Rodríguez, Xoán Be-



Basilio, Ricardo, Vidal e Mallou, actuando en Ponteareas

llo Mallou, Pepiño de Amio, Andrés Parga, Manoel Botana, Manoel Perciras, Xesús Rial, Miguel de Santiago, Manoel Miramontes, Xosé González, etc., lograron conservar esa tradición valiosa nas etapas en que intervineron.

Poderíase destacar, polas longas tempadas en que actuaron xuntos, os dous formados por Basilio-Suso, Mallou-Miramontes ou o trío Mallou-Basilio-Miramontes.

Mais forzoso é resaltar a dous de reconocida competencia: Mallou e Basilio. Polo



No Parque de Castrelos - Vigo, Mallou, Basilio e Moncho, pousan co trofeo dunha gaita en ébano de Mozambique, feita na Bretaña francesa

tempo que levan xuntos, pola valía persoal de cada ún en particular e pola convención conquidera antre os dous, baixo o asesoramento e dirección do profesor da Banda Municipal de Música, don Ricardo Fernández Pereira, poidera decirse deles que forman unha das mellores pareaxes de gaiteiros de Galicia.

Os primeiros premios conqueridos en concursos rexionais representando a «Cantigas e Agarimos», en Ponteareas, Porriño,



Ganadores do Primeiro Premio en Santiago, no ano 1970

Tuy, Vigo, Santiago, etc., acreditan o valer desta parexa, sempre moi ben secundados polos estupendos tamborileiros que os acompañaban: Xosé Vidal Freire, Moncho Bello Mallou e Xesús López Botana.

Si a todos eles lle debe o Coro fondo agradecemento, coidamos seríainxusto non refrexar nesta Memoria a deuda de gratitud que «Cantigas» ten contraída cun destes gaiteiros: *Xoán Bello Mallou*. Foron tantas e tan grandes as mostras que dou do seu amor e cariño pola Agrupación, que canto poidésemos decir dél sería pouco.

As suas innegables dotes artísticas como gaiteiro, as que amostra como corista na corda de tenor segundo, van xunguidas á formalidade, á modestia, ó desintrés, ó cumplimento das obligacións contraídas polo coro sin a máis cativa mostra de desagrado nunca, ó sacrificio persoal e da faltriqueira,

e a outras virtudes das que fai gala. Todo un grande gaiteiro. Todo un grande corista. Todo un home.

Reconocendo a Direitiva estes grandes méritos e tendo cumplido o tempo que marca a Real Academia de Bellas Artes da Cruña pra poder facelo, será solicitada pra él a Medalla «Marcial del Adalid», que se otorga por *costancia musical*, en acordo unánime de tódolos direitivos.

* * *

Fai dous anos creouse unha *Escola de gaita*, da que é profesor encargado o xadito D. Ricardo Fernández Pereira. Estivo funcionando hastra fai pouco con media dúzia de alumnos, mais por incompatibilidade de horarios, coincidentes cos ensaios do coro e baile, quedaron suspendidas as clases en tanto non se habilita unha fórmula de encaixe ou se percure un local axeitado.



Foto que, en color, figura na cuberta de un disco grabado por «Columbia» en 1966



**Medallas
MARCIAL
DEL ADALID**

D. Manuel Pita García
D. Alfonso Fraga y Leiras
D. Vicente Juzgado Pérez
D. Rafael Rey Fernández
D. Crisanto Sanmartín

Teatro Galego de «Cantigas e Agarimos»



Escea do Coro das Fiadeiras de «A Leenda de Montelongo» - 1941

Dende a sua fundación, «Cantigas e Agarimos» non esqueceu as aitividades teatrais, parte importante do folklore, e levóu á escea, ca dirección de Anxel Rey Gallardo, e outros, o máis representativo do teatro galego: «O zoqueiro de Vilaboa», «Vaites, vaites...», «O Rey da Carballeira», «A maa de Santiña», «Lubicán», «A Leenda de Montelongo», etc.

E dende o ano 1959 contou sempre cun conxunto permañente, que formaban os mesmos coristas, baixo a dirección do direitivo D. Rodolfo López Veiga, levando as táboas as mellores obras de teatro enxebre de onte e de hoxe.

Deixemos, pois, a López Veiga que él nos conte a laboura que levou a cabo:

Ao facer a historia do Grupo de Teatro Galego de «Cantigas e Agarimos», quero adicarlla a mostrar o meu agradecimento a todos aqueles mozos e mozas, a algúns que



D. Rodolfo López Veiga

outro non tan rapaz, e porqué non decilo, algúñ vello, que co seu entusiasmo e a sua entrega, fixeron posibles o éxito que o noso grupo teatral acadou en moitas das suas actuacions.

Foi perante algúns anos o úñeco adicado a facer teatro en galego e como pode leverse

nunha Revista da especialidade: «a *Cantigas e Agarimos* se lle debe o rexurdimento do teatro galego, foi a agrupación que máis fixo polo teatro en língua galega dende fai quince anos para atrais...». A revista tidúase «Primer acto», faise en Madrí. Agora ben, eu pergunto: ¿é que houbo na historia, do teatro galego algún grupo ou entidade que fixese máis pra que chegara ao público o noso feito teatral?

Quero deixar ben craro, que o que ides ler, si tendes pacencia craro, é a historia dos anos en que eu fún direitor, con más ou menos acerto, do Grupo de Teatro Galego de *Cantigas e Agarimos*, da critica das pezas, xa se ocuparon outros e pudéroneste ler no seu día nos diarios.

Na miña segunda época como directivo, os compañeiros de Xunta faláronme da posibilidade de facer teatro na Agrupación. Eu dirixía por aquel entón o Teatro Universitario, e facía poucos días que estrenáramos con éxito a versión ao galego, da peza de Anouilh, *«Antígona»*. A invitación de facer




Pasaxe de «Pimpinela», da obra de Castelao
«Os vellos non deben de namorarse»

teatro en galego con «Cantigas» foi para mi unha tentación i entusiasmoume, sobre todo porque dende facía algúns anos bulíame nos miolos unha peza: «*Os vellos non deben de namorarse*», de Castelao. A Agrupación pasaba por un mal momento, poucos com-


ponentes e menos cartos, poi gastáranse todos, e algúns máis que non había, no arranxo do novo local.

O facer teatro en «Cantigas» non era novidade, pero supoña agora ou polo menos pretendíamos levantar un pouco os ánimos.



Derradeira esceña de «Os vellos...»

Fíxose unha leitura da peza, gustóu, falouse logo de cartos, e había que sacalos de onde os hubese, pero co entusiasmo e a colaboración de todos fíxose posible a representación. Coido que poucas veces houbo en Santiago tanta espeitación por contemplar unha peza teatral. Os decorados foron feitos por Anxel Morón e os arranxos musicales polo mestre Rosendo Mato. Por fin chegou o día. Houbo comentos para tódolos gostos. Días despois, e patrocinados pola Comisión de Festas, representamos «*Os vellos...*» en Villagarcía. Tamén fumos ao San Froilán, onde inauguramos as obras da recién arranzada Praza de Santa María, o xentío foi tal que había público nos faroles i até enriba das casetas que serviran pra se resguardar da chuvia os canteiros. Polo que respecta a esta representación de Lugo hai dous feitos que falan por sí soio do éxito: a Comisión de Festas querían que repetísimos a representación ao día seguinte; cando o noso tesoureira foi a buscar os cartos, atopouse coa sorpresa de que polo éxito casi lle diron o dobre do contratado. ¡É unha anéidota!



Unha escea de «A Revolta», de Xenaro Mariñas



Outra de «A Serpe»

Da resonancia que tivo o estreno de «Os vellos non deben de namorarse», a peza de Castelao, pode dar ideia este anaco que copio da xa citada Revista «Primer acto», no seu número 120, e firmado polo poeta Manoel María: «la Agrupación «Cantigas e Agarimos» de Santiago de Compostela, estrenó en Galicia el día 25 de julio de 1961, en la Plaza de la Quintana, de Compostela «Os vellos non deben de namorarse», de Castelao, reponiéndola en varios lugares de Galicia. Este estreno constituyó tal vez el espectáculo teatral más importante que se produjo en Galicia en todos los tiempos».

Tíñamos xa un grupo de facer teatro. E botamos a andar, facendo camiño.

Ven logo o estreno da peza de Gallego Tato, periodista lugués, tituada «Los hombres pueden ser dioses». Puxémola en escea en Lugo i en Santiago, as duas representaciós foron patrocinadas pola Asociación da Prensa.

Comemorando o Día das Letras Galegas, levámos ao taboadío na Sá de Arte do Hospital dos Reis Católicos, o estreno da peza de Xenaro Mariñas «A Revolta». Con esta peza, que había outido o Premio Castelao, acudimos tamén á Cruña, onde participamos nun

festival de teatro novo que alí tivo lugar.

No Salón Amarillo, da Delegación de Información e Turismo, e coa participación de varias agrupaciós teatrales, celebráronse as V Xornadas do Día Mundial do Teatro; a



«A Obriga», tamén de Xenaro Mariñas

nosa agrupación, estrenou a peza de Xenaro Mariñas «A Obriga». No número 77 da revista «P. A.» podedes ler que foi a mellor

Leituras teatrales de

A farsa das zocas
de Carballo Calero,

Catuxa de Holligan,
de Yeats, e

A noite vai coma un río,
de Alvaro Cunqueiro.




peza representada do ciclo e que o millor dos aituantes había sido Crisanto Sanmartín (fillo) que facía o papel do Alquimista.

Patrocinado pola Asesoría de Cultura da Delegación do M. I. y T. fixemos un ciclo de leituras teatrales, no que dimos a conocer: «*A farsa das zocas*» de Carballo Calero, «*Catuxa de Holligan*» de Yeats, en versión ao galego, e «*A noite vai coma un río*», de Alvaro Cunqueiro.

Outra peza que gustou moiísimo, foi «*As bágoas do demo*» de Ramón de Valenzuela; ao estreno, que tivo lugar o Día das

Letras Galegas do ano 1966, asisteu o autor, que vivía na Arxentina.

Un bo día, quixémoslle rendir homaxe a un autor, pois tiña merecimentos dabondo, Xesús San Luis, e propúxenlle aos compañeiros de xunta o repoñer «*O Fidalgo*», que por outra banda é a peza máis representada do teatro galego. Fumos a visitalo a sua casa, xa andaba por aquel entón un pouco cativeiro de saúde, falamos e autorizoume a facer algúns cámbeos nas esceas finales. Aquel foi o noso derradeiro adiós. Non estivo con nós o día da representación no Teatro Prin-



Unha escea de *As bágoas do demo*, de Ramón de Valenzuela

cipal. El SEÑOR o había levado para cabo de sí. A nosa oración e a nosa lembranza pra «o zapateiro poeta» D. Xesús San Luis Romero.

Estamos no intre de lembranzas tristeiras. En tudo iste tempo que vos estou historiando, tivemos moitas alegrías, e tivemos tamén moitas veces o corazón magoado. A pouco de repoñer na Quintán dos Mortos, «O Fidalgo» alonxóuse para sempre de nós, un rapaz bó, unha terrible doença había ido

mos a peza de Xenaro Mariñas: «*A farsa dos amores desencontrados*».

Para comemorar o Día das Letras Galegas, no ano 69, creamos un espeitáculo teatral, chamámoslle «*As alforxes do vello copeiro*», dividido en tres tempos, sobre testos de Xenaro Mariñas e a escenificación da peza «*A Serpe*». Este espeitáculo puxémolo, na Quintán nas festas do Apóstolo e requeridos pola Comisión de Festexos de Villagarcía, repuxémolo alí con moito éisito.



Escea dos Rendeiros, do drama *O Fidalgo*

roendo aos poucos nel, Deus levouno para o Ceo para representar o seu definitivo papel; vaia a miña lembranza triste para Manolo, rapaz bó, actor bó.

Como non adicarle tamén o noso recordo triste ao señor Cobas, xa estrenara «O Fidalgo» nos seus anos mozos, e aos cásique cincuenta anos despois, sendo xa un vello velleiro, axudóunos a repoñer a peza do vello San Luis.

A nosa Agrupación non se estimou endeaxamáis allea a calísquera chamada Organizamos no Teatro Principal, un festival a beneficio dos nenos de ASPAS, onde estrena-

Ao chegar eiquí, empregando términos teatrais hai que decir: «e o pano vai caendo lentamente». A historia remató. Púdose facer máis. Noustante, meus benqueridos amigos, cando algúns estudiosos queira facer reconto do que foi o teatro en Galicia nos derradeiros anos, teralle que adicar unhas follas ao Grupo de Teatro Galego de «*Cantigas e Agarimos*».

Rodolfo López-Veiga

Membro do Instituto Internacional do Teatro e Conselleiro Asesor Artístico do Patronato Rosalía Castro.

D. XESUS SAN LUIS ROMERO, o «Zapateiro poeta»

O día 9 de setembro cómprese o centenario do seu nacemento

Era SOCIO DE HONOR de «Cantigas e Agarimos»

D. Xesús San Luis Romero, tan venceillado en vida á nosa Agrupación, da que era *Socio de Honor*, foi un modesto e sinxelo poeta-zapateiro, que cuase morreu esquecido.


Os seus traballos poéticos e dramáticos teñen todos eles un fondo senso social, non faltos de lirismo, que si quizáis non son moi academicistas, en troques teñen a virtude de chegar á xente, de ferir a sua sensibilidade. arte que moi poucas figuras literarias lograron acadar.

O feito de habelo contado antre nós en vida obríganos a telo presente despois da morte, compensando en parte oinxusto esquencemento que se fai dun home que tanto amou a Galicia.

O día 9 de setembro cómprese o Centenario do seu nacemento. «Cantigas e Agarimos» quere tributarlle nas páxinas da sua Memoria o cativo homenaxe de admiración que polo seu recordo sente, con esta lembranza. E queira Deus que sirva de chamaña pra que, quen debe facelo, tamén se lembre desta data.

ANACOS BIOGRAFICOS

Nace en Carballo o 9 de setembro do ano 1872. Dende pequeno amostrou moita afición a facer e decir versos polo que os seus veciños o nomearon «Xesusíño o poeta». Emigra á Arxentina, onde dá a conocer a sua primeira peza de teatro, que estrenou no ano 1898, *O Xastre aporveitado*, que foi moi ben acollida polo público. Tamén dá a conocer dous monólogos: *¿Para qué me namorei?* e *Fai que se durma, Deus querido*,



D. Xesús San Luis Romero

(1872 - 1966)

postos en escea no teatro do Orfeón Español, de Bós Aires.

No ano 1902, acorda voltar pra sua terra, ven a Santiago onde pon un taller de Zapatería.

No ano 1918, estrena o seu drama-anticaciquil *O Fidalgo*, con moiísimo éxito. Esta peza é paseada polos escearios de Galicia, de trunfo en trunfo. Pódese decir que é a peza máis representada do teatro galego.

Tres anos despois, en 1921, estrena o drama *Rosiña*, tamén con moiito éxito.

A este drama siguiron outros traballos, dos que cabe destacar:

No quinto, monólogo, estrenado no ano 1922.

A volta do Bergantiñán, poema editado por «Nós», 1928.

A Romaxe de San Campio, revista folklórica, literario-musical.

O conto do abó, diálogo.

Reiseñor, primeiro premio de poesía do Centro Galego de Bós Aires, 1950.

Unha noite ca Campaña, conto, formado por 2.800 versos de variada métrica.

Duas estampas galegas, premiada nun concurso da Casa de Galicia de New York.

Xenreira, drama en tres autos, escrito no ano 1951, ainda sin estrenar.

Unha noite no muiño, revista folklórico-musical, estrenado pola Agrupación Cantigas e Agarimos no 1959.

Esta estampa folklórica en verso galego, foi arranxada e adaptada por Crisanto Sanmartín, e posta en escea no Teatro Princi-

pal o día 4 de Marzo, con moito éxito. Tamén foi representada en Ponte Ulla.

A dirección escénica levouna D. Manoel Pita García. Tiña dez números musicales, parte deles inéditos, recollidos polo señor San Luis na comarca de Bergantiños, transcritos e armonizados polo que era noso director D. Manoel Iglesias Domínguez.


Na representación participou todo o coro, incluindo o Grupo de Gaitas e Corpo de Baile.

A foliada no turreiro, paso lírico-cómico, sin estrenar.

Cando contaba 84 anos foi nomeado membro Correspondente da Real Academia Galega.

* * *

Morreu o día 23 de setembro do 1966.



Coristas e intérpretes de *Unha noite no muiño*, de San Luis Romero, estrenada o 4-3-1959

Poesía en catalán adicada a «Cantigas e Agarimos»

Un corista acusou recibo dela con outra en galego

Presenciando emocionadísimo la actuación de «Cantigas e Agarimos» de la Agrupación Folklórica gallega de Santiago de Compostela, en honor de los Aparejadores allí representados, en una sala del «Hostal de los Reyes Católicos», el día 27 de septiembre de 1965.

Año Santo Jacobeo

LA VEU DE LA TERRA

Com el foc és torna fum
la terra és torna veu i,
aquesta veu bé del cor
els llavis pronuncien
i heus aquí la imatge
del sentiment vers Déu.

Per Sant Jaume l'ofrena
aquest seu esdeveniment.

Tristesa la de bon català
per mancar-hi la veu seva
La terra i cor vibra ara
d'engoixa i dolcesa...!!

A. Lafuente i Sabaté

Con todo mi afecto, dedico esta expresión escrita de aquel momento de gozo, al Director y sus componentes.

Barcelona, 6 de octubre de 1965.

Al ilustre catalán D. Alvaro Lafuente, entusiasta admirador de nuestra Agrupación, y que tuvo la gentileza de dedicarnos una sentida composición poética.

IRMANDADE NA TERRA

O mesmo que o fogo se troca en fumarada,
o mesmo que a neve se volve en limpa
[auga,
eisí de home a i-alma é toda sentimento
si escoita da nai terra o enxebre
[chamamento
que as gaitas e as cantigas espallan
[polo vento.



O hérдamo tivemos dun Xaime, dun
[Santiago,
que o grau do cristianismo botou no
[pobo hispano:
semente relixiosa con froitos nos seus chans,
Galicia e Cataluña, discípulos e irmáns,
axuntan os sentires e danse as suas mans.



Si o ledo e cantareiro soído da Sardana
lles chega ós cataláns ó máis fondo
[da entrana,
Tamén lles fire e eles cal cousa feiticeira
as nosas foliadas, os cantos de pandeira,
os nosos bailes todos, ja nosa Muiñeira!

Santiago, 20 de Outono de 1965.

DENDE VASTA-VALES, NUN DIA ROSALIÁN



Comisionados e colabouradores de Vasta-Vales pousan con «Cantigas e Agarimos».

Decote ó depar diste santuario rosalián que é a nosa outa torre, algo compre decir no xubilar dourado medio século de «Cantigas e Agarimos».

Na serán fervente da apertura da Casa de Rosalía (15 - VII - 71), ós que alí estivemos latexábanos o corazón ó ritmo con que tremoaban as voces de «Cantigas», de unha entoación patria, agasalleira, arrequecente, que é o feitizo diste coro.

Naquel día, tenra lembranza de Rosalía, fixo tamén Vasta-Vales. Si aló donde queira soe o seu nome, é unha batalada que desperta soildades, isa noite, Vasta-Vales era un abrente

de ilusións, un sorriso de felicidade por un tempo que alborexa, pola Galiza que hoxe imos facer. Eiquí veu «Cantigas», e quedou pra sempre avencellado a nós, asíñalado por unha fita que reloce na sua nobre bandeira.

Cante «Cantigas» o que Galiza cantar non poido. Sexa alongamento e desenrolo da tradición, sexa testemuño e pregoeiro dende antergos a vindeiros, dunha tarefa pra todos, acotío.

Veleiquí, a nosa terra rexurde xa.
Cantigas... ¡cantar há!

Xosé Pumar Gándara

LEMBRANZAS POR MERECIMENTOS

Xa noutro lugar desta Memoria se fala dos traballos, sacrificios e dificultades polas que teñen que pasar os rexidores dunha Colexitividade que, coma en «Cantigas», todo se fai por afición, por amor ó folklore e á Terra.

Estas motivacións obrigan, ós que chegan a ocupar postos rexidores e son fracos de entusiasmo, a arredarse deses traballos ingratos na primeira ocasión que se lles presenta. Por tal causa, poucas, moi poucas persoas persisten e teiman nunha continada laboura tan altruística.

Mais, pra consolo noso e da Humanidade enteira, sempre xurde algúm tolo, algúm plátónico teimoso, que recolle a bandeira que outros deixan caer pra percurar sostela en pe. ¿Qué sería da Humanidade, da Cencia, do Arte e de todo, si faltasen esas «vítimas» que, no anonimato as máis das veces, fixeron posibre non so o a conservación de canto nos foi legado polos nosos antepasados sinón tamén que nos encamiñáramos por unha roita segura de Progreso?

Polo que atingue a «Cantigas», temos que lembrar, anque xa non viva, a *Manoel Pita García*, o «vello Pita», merecente de que o seu nome figure en letras de ouro nesta Memoria. Corista fundador, direitivo, narrador de contos, actor, director de teatro e moitas cousas máis, no percorrer de cuase 40 anos.

Outra destas contadas persoas chámase *Manoel Suárez Moscoso*: Si non abondase a



D. Manoel Suárez Moscoso

Corista e Direitivo en varias ocasións

súa costancia no trascurso de moitos anos, como corista, como barudo e enxebre barítono, como solista, como actor mañísico de teatro galego, como traballador incansabre e organizador eficiente, abondaría con engadir que ocupou cuase tódolos postos direitivos en diferentes etapas, laboura ca que contribueu positivamente á pervivencia da Agrupación.

Por tan grandes merecimentos, non é favor sinón xusto reconocemento, que se nomee e destaque a sua persoa nestas páxinas de lembranzas, que queren ser recordatorias e de homenaxe a cantos arrimaron os hombreiros pra turrar do carro de «Cantigas e Agarimos».

D. FRANCISCO PARRA LLORENTE

Galicia ten que lamentar decote que no campo musical non houbera xurdido un Pedrell, un Albéniz ou un Falla que, aproveitando o rico e variado tesouro músico-folklorico, pudese convertilo en universal.

E non é que Montes, Veiga, Chané, Torres Creo, Marcial del Adalid, Baldomir, e outros, non tivesen condicións e facultades. O que pasou —en opinión persoal—, foi que traballaron con tan miudas aspiracións, con tan cattivas ambicións, coma si os balados da xeografía galega —que nos teñen arredados dende sempre, impidíndonos camiñar emparellados cas demáis rexións españolas—, non lles permitise ir máis alá, na percura dun ecumenismo musical.

En troques, ten que agradecerlle moito a músicos alleos unha fructuosa laboura neste senso, inda que poida poñérselle algúns reparos. Abondaría con mentar a Guridi, Viñes, Caballero, Baudot e outros que non lembramos, polo que atingue ó campo lírico.

No terreo folklórico, por forza non poden esquencerase os nomes de Farto, Garaizábal, Rodrigo A. de Santiago —cunha fondua e abondosa laboura de investigación e creación—, e outros que, más modestamente, coma D. Francisco Parra Llorente —un castelán de Alfaro, Logroño— déronnos probas do seu amor e simpatía que pola música galega sinten.

O Mestre Parra é autor dunha fermosa balada, «¡Malpocadiño!», que veu a incrementar con tódolos honores o acervo musical da terra.

Legos na materia da música, non somos quén para xuzgar o valor téinico e academicista da obra. Pro o que sí podemos ates-

tiguar é que o «¡Malpocadiño!» tivo e ten tan grande acollida coma pode tela a mellor obra da nosa música enxebre. O que poida faltarlle te téinica, está suprida pola variedade, emotivos cambios rítmicos, cadencias doces, ledas e tristeiras, bariles e rexas, que abranguen toda a gama do noso folklore, en un xungimento tan ben conquerido, que faa da balada unha fermosa peza.

«¡Malpocadiño!» foi a obra obrigada do Concurso Rexional de Coros celebrado en Lugo no ano 1949, e que lle dou o trunfo a «Cantigas e Agarimos», obra que, dende entón, atópase incorporada ó noso repertorio

La Coruña - 3-10-71

Al Director del Coro Cantigas e Agarimos
Santiago,

Muy Sr mío: El día 25 de julio pasado, vi y oí en la televisión, la Balada "Malpocadiño" de la que soy el autor de la música y le escribo para felicitarle por la interpretación tan perfecta y lo bien que cantó el Coro que usted dirige.

Me alegraría mucho que lo hicieran en Disco ya que el Coro está muy bien acoplado y dirigido.

Le doy las gracias por ponerlo en el programa y le repito mis felicitaciones.
Atentamente le saluda, suy fm 3.3.9.

F. J. M. Francisco Parra

16 Bellavista. 11 y 13-4^o C
La Coruña

e ó de cuase tódalas corales galegas. Algo terá de bon, cando eso acontece e non se lle regatea o aprauso.

A letra, de fondo contido social e poético, é de D. Alfonso de Vega, funcionario de Sindicatos de Lugo, de quen conocemos outros poemas moi ben logrados.

Do Sr. Parra tan soio sabíamos que polas datas de 1949 exercía o profesorado de música e piano na cidade luguesa. Mais con motivo dunha intervención de «Cantigas e Agarimos» en TVE, o día do Apóstolo do pasado ano 1971, na que se interpretou o ¡Malpocadiño!, o Mtre. Parra, que vira e escotara a emisión, tivo a atención de felicitarnos, como pode ollarse na misiva que reproducimos.

Ela dounos pé pra escribirlle e, agrade céndolle as louvanzas, facerlle o prego de que si tiña algunha outra composición nos

honrase co seu envío. Con atenta adicatoria mandounos a partitura dun fermoso *Desafío* que, con churrusqueira letra do periodista e Académico de Galega, D. Xosé Trapero Pardo, xa poidemos estrenar o 17 de Maio deste ano, no festival organizado pola Agrupación comemorativo do «Día das Letras Galegas», na Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Santiago. Seu estreno representou un grande éxito. Gustou moito e os ferventes aprausos foron a mellor mostra desa grande acollida.

Por coidar «Cantigas e Agarimos» que estas duas composicións son dabondo importantes pra ser tidas en conta, quere deixar constancia delas na Memoria. E si algúñ dia chega a facerse un estudio sobre da nosa música, con toda seguridad que don Francisco Parra Llorente ha de figurar na lista dos que fixeron algo por ela.

Partituras musicais adicadas a «Cantigas e Agarimos» nas suas Bodas de Ouro

«MORENIÑA», balada a 4 voces mixtas, de D. Amador Xosé Santos Bartolomé. Con letra de Manoel Quintáns.

«UN ALALA», cantaña enxebre, a son de paso dobre. Música e letra de D. Roxelio de Leonardo Bouza.

«O CONTO», Pandeirada de Teixido, e

«O REPIMPIN», foliada anovada, as duas con letra e música do mesmo autor.

«ANXELIÑOS DA GRORIA», e

«CINCO VILLANCICOS», música de don Anxel Arias Maceín, as duas adicadas á Agrupación pola sua filla, Srta. M.^a do Carmen Arias

«DESAFIO», de D. Francisco Parra Llorente, con agarimosa adicatoria.

A «CANTIGAS E AGARIMOS» nos seus 50 anos de vivencia

Cando a música galega se esfumaba e raxeira de esotismo campeaba, naceche, pra sentir esgrevia arela por canto de valor Galicia encerra.

E, morando na vella Compostela, axuntáchete ós fillos da Nai terra que loitaban por seu arte conservar espallando con ledicia seu cantar.

Si en tan longo tempo de vivencia axudache o tesouro a resguardar que os celtas nos deixaron en herencia,

Eu quixera que isa roita na deixaras e con folgos remudados, en concuencia a festexar os cen anos ti chegarias.

Canto Sei.

Istitución exemplar: a Caixa de Aforros de Santiago

Cando ainda vivimos baixo o grato recordo das xubilosas xornadas das Bodas de Ouro, que foron ó mesmo tempo que unha comemoración histórica, unha mostra da vontade e do esforzo colectivo e persoal de directivos e coristas, é obrigado render o tributo de fonda gratitud a quen fixo posible esa solene celebración ca parte máis importante: a CAIXA DE AFORROS DE SANTIAGO.

A adicación financeira da Caixa de Aforros está facilitando o rexurdir de Santiago, con arelas de emulación do esprendor pasado, abríndolle as portas dunha espansión progresista de riqueza e benestar. E xunto ca cidade, vaise vendo a efectiva axuda que presta a toda a comarca xacobea, co establecemento de Oficiñas en vilas e lugares da sua demarcación, que aguilloan e protexen a creación de novas fontes de riqueza no campo, no mar e na industria.

Con ser esta faceta moi importante, ten outra pra nós de máis interés, pros fins que perseguimos: o establecemento da sua sección SOCIO - CULTURAL, de protección ás inquedanzas artísticas e de cultura xeneral, que hasta agora se malograban por falta de medios e amparo.

O teatro a música, o canto, a pintura e tódalas manifestacións artísticas, culturais e sociais, atopan achego na sua Aula de Cultura e ainda axuda monetaria, gracias ó esforzo económico da Caixa. Santiago e as suas vilas comarcas xa conocen os froitos desta milagreira entrega.

«Cantigas e Agarimos», ó quentor dese amparo, liberta dos temores e das angurias que cuase a afogaron en moitas ocasións, poderá dende agora camiñar, con arelas de perfeicionamento, cara metas artísticas de superación e de gloria, pra ben do folklore galego.

Santiago, de fonda raigame artística en tódolos ordes, pois non en balde alumou co seu esprendor os camiños de Europa no Medioevo, atopábase orfa de un Mecenas que cos seus estímulos axudase a superar a crisis de valores que se deixá sentir. Con ledá compracencia ollamos que xurdeu, representada nesa Istitución exemplar.

E si esto é eisí, nada máis xusto que de todo corazón fagamos pública manifestación de agradecemento á CAIXA DE AFORROS DE SANTIAGO, e ó seu Consello de Administración.



SIN REMEXER, NO POTE DOS ANOS

Nunha coleitividade de longa vida, na que pasaron por ela infinitade de coristas de toda condición, xeito de ser e humor, e na que as aitividades son tan variadas polo que atingue a ensaios, trasladados e autuacións, tiveron que ocorrir e ocorrén unha ficeira de casos, churrusqueiros unhos, insólitos outros e algúns serios tamén.

Deixemos os derradeiros. Os outros deron ocasión moitas vugadas pra contentamento xeneral, mofa, risadas e bulras, in cruso incomodos de algúns, cando se traían a conto, con ledicia de todos.

Na imposibilidade de lembrar cada un deles, imos tentar contar algúns que recordamos mellor, pese a que quizáis non sexan os que teñan máis gracia.

CHEGADAS «A TEMPO»

Aló polos anos en que o asfaltado das estradas consistía en firentes xeixos e nas que campeaban polos seus respetos as asfaldas chatolas; cando os motores, as rodas e demás elementos dos automoves non conqueriran a perfección que hoxe teñen; cando trocar unha peza era un problema, porque non había repostos máis que en poucos e alonxados lugares... Cando eso pasaba, o facer un viaxe longo, de moitas légoas, representaba unha verdadeira aventura.

Concertada unha autuación en Lugo polas festas do San Froilán, aquel día e o seguinte, saímos ás duas da tarde de Santiago. A primeira intervención nosa era pras seis e media, e a segunda ás once da noite.

No camiño, un tras outro, pinchazos arreo. Reventou unha roda en Melide. Faltaban 3 légoas pra chegar a Lugo, e outro reventón. Ali nos deixou o coche. Nun des-

campado, sin teléfono nin outros medios pra avisar, non quedou máis remedio que botar a camiñar. Anque non se crea, chegar, chegamos; ¡xa pasada a media noite!

Protestas da Comisión, discusións e liortas. O festival ainda non rematara, pois había máis autuantes, e rematámolo nós.

A intervención nosa foi moi boa e a Comisión esquenseuse do lorio e felicitounos enriba.

Cantouse e bailouse ben. Mais eu coido que foi ¡pol a fame que tíñamos!

* * *

Noutra ocasión, ainda non fai moitos anos, desprazámonos a San Pedro do Sul (Portugal), distante da fronteira unhos 250 kilómetros.

Saímos ás seis e media da mañán e tíñamos cavilado chegar á hora do xantar, pois había que participar nun desfíe ás catro da tarde.

Cavilar, cavilouse ben, e o tempo era dabondo pra chegar. O que non se cavilou foi que, no afán de chegar pronto, quixemos ir polo atallo, meténdonos polas estradas do interior e deixando a xeneral, pois asegún os mapas aforrábanse 30 Km.

¡Nunca tal fixéramos! A partir de Ponte de Lima as estradas convertíronse en cuase corredoiras, con costas arriba e costas abaxo, e hastra tivemos que subir un porto de montaña a pé, porque o coche non podía ca xente dentro.

Houbo que facer o xantar en roita, improvisado, e chegouse, sí... ¡ás dez na noite!

Do retorno, que tamén foi unha odisea, soio diremos que unha avería do coche tíñonos nas portas de Oporto hastra preto da

unha da noite e non pudemos cruzar a fronteira por pasar da hora. Houbo que agardar hastra ás sete da mañán.

* * *

Ainda foi o pasado ano. Fixemos outra saída, tamén a Portugal, pra autuar en Braga. Anque tínamos disposto o dormir alí, dous dos compoñentes non podían deixar de presentarse no seu traballo ó outro día, e decideuse voltar despois do festival, pra pasar a fronteira antes das doce da noite.

A actuación alongouse máis do previsto, e collimos camiño cando xa pasaban das once. Recurrimos ó Sr. Gobernador de Braga, que había asistido ó festival, pra que nos deixasen pasar a fronteira anque chegásemos un pouco tarde.


Non sabemos si avisou ou non. O que sí pasou foi que non nos deixaban pasar. Despois do moito pregar, o Vista portugués, que xa estaba deitado, ergueuse, revisou os pasaportes e permiteunos a marcha.

O problema veu despois. Chegamos á demarcación española e como os encargados dela dormen en Tuy, os gardas non nos deron entrada. Praatrás, non podíamos voltar, porque xa estábamos despachados. Eisí é que estivemos no medio do ponte internacional sin poder movernos.

Despois de moito pedir e chorar, os gardas, facendo un gran favor, permitíronos que pudesen pasar dous dos que iban no coche, pra ir a Tuy a falar co Vista español.

Os comisionados foron a Tuy. Eran xa as duas da mañán. Tardar, tardaron. Cómo fixeron, sábeno eles, anque coido que deboron remexer e despertar a todo Tuy. O conto foi que ás catro da mañán apareceron os comisionados con dous dos responsabres da fronteira, co «pixama» posto aínda, e despois da revisión, déronnos o pase.

¡Un milagre, que coido non debe darse moitas veces nunha fronteira, e moito menos na de Tuy, polo xa apuntado!



En Matosinhos - Portugal, nunha Residencia de Monxes españolas - Maio 1971

TRAXE TIPICO TROCADO

Acababa de inaugurarase a liña do tren de Santiago á Cruña e fumos chamados pra unha autuación, facendo o viaxe por ferrocarril.

Cada corista levaba o seu traxe típico envolto nun paquetiño, que todos puxemos no porta equipaxes do vagón, mesturados co resto dos viaxeiros.

Chegados á Cruña, cada ún colleu o seu fardel e xuntos dirixímonos á Praza de Touros, onde se autuaba.

Comenzamos a demudar a roupa. Mais así como os demás íbamos escollendo as prendas pra poñer, un dos coristas comenzou a sacar, no lugar do traxe típico, unha colección completa de roupa interna de muller, sin que faltasen as más achegadas ó coiro, tanto denriba coma debaixo, je non moi limpas que digamos! ¡Houbo risadas pra tempo!

O que pasara, acraron con suposicións o corista. E foi que no mesmo vagón en que él viña viaxara tamén unha rapaza, que se baixara antes de chegar á Cruña, portadora dun paquete semellante ó dél e que, sin querelo, trocou polo dela.

O traxe non apareceu. O corista non pudo autuar. Mais quedáballe roupa pra poñer no Antroido... si a lavaba antes.

AFINACION

Un director noso, nos ensaios, decíalle a un rapaz que había entrado na corda dos tenores:

— ¡Non me berre tanto, que me desfai o conxunto! ¿Non ve que soio usted destaca e ademáis moi desafinado?

— Boeno, Sr. Director, perdoe. Xa me dou conta que berro un pouco de máis. Pero coido que non desafino. Aprendín a cantar cos discos que poñen pola radio, e supónome que os deben ter ben afinados.

PANCADA

Cousa sabida é de cantos pasaron polo coro a rexa disciplina imposta polo finado e nunca ben gabado director, Sr. Del Río, sabor de todo no intre dunha autuación. Non permitía que ningún corista separase os ollos dél, e que foi unha virtude que lie facilitaba moitos dos seus éxitos.

A frase de «¡Mirade todos pra mí, que non son tan feo!», era ben sabida de todos.

Nunha vila mariñeira, estábamos xa comenzando a segunda parte dun festival, e dous coristas que foran a tomar unha taza, non chegaron a tempo.

Entón, agachándose por detrás dos cantantes, buscaron o seu sitio e foron erguéndose pouco a pouco.

O director, que os iba vendo xurdir, botoulles tal olleada e díolle tanto ca cara que lles puxo, que un deles non foi capaz de resistilo e quixo volver a desaparecer, botándose atrás e baixándose.

Tan de súpito o fixo e con tan mala sorte que, furando o decorado de papel foi dar co seu corpo no fondo do esceario.

A pancada foi boa, pois rematado o canto houbo que axudar a erguelo.


Pro ¡foi ainda peor o que escouitou do director!

CINCO LARPEIROS

Foi nas festas do San Bartolomé de Noia. Despois de autuar o coro pola tarde, dividíronnos en tres grupos de coristas pra ceiar en tres lugares diferentes, pois non lle foi posibre á Comisión atopar unha casa de comidas pra facelo todos xuntos.

Tíñamos que ir 15 a un determinado Bar. Cinco destes compoñentes adiantáronse e dixéronlle ó dono que podía ir servindo a cea, pois os demás xa viñan en camiño.

O home veu o ceo aberto, porque ainda era cedo e despachados nós, quedáballe o



No Hostal, co Excmo. Sr. Ministro de Obras Púbricas e outras Xerarquías. 15 - V - 1971

sitio libre pra atender á moita xente que agardaba.

O primeiro prato, consistente en arroz con polo, foino servido en tres fontes, cada unha de seis racionés. Púxolles o pan pra todos e o viño.

Cando chegamos os demáis, que éramos dez, non quedaba na mesa máis que unhos cachos de pan, ben poucos por certo.

O arroz co polo e viño incruído, había no larpado en menos dun cuarto de hora. Eran tempos de moita fame, é verdade; ¡Pro, comer entre cinco o que era pra dezaoit...!

Tivémonos que contentar co segundo prato, que por certo era unha boa cazolada de peixe, que en compensación o dono ofrecéunola abondosamente.

¡E algúñ deles inda teimou en comer do segundo prato, coidando que o dono do bar era parvo!

UN LAMPANTIN

No noso coro, gracias a Deus, decote houbo xente de moita valía. E, certamente, non soic pra cantar. Sempre tivemos primeiras figuras en comer, en beber e en outras cousas.

Foi na Cruña tamén. Fixemos unha cea antes dunha actuación nocturna, nun sonado bar que servían moi abondoso e ben condimentado. Sirvíronnos primeiramente unhos callos que, en verdade gorentaban, e poucos foron os que non recuncaron. Logo unhos toros de merluza, ca sua leituga, moi ben axacada, que poucos puderón comer.

Houbo un corista, con xa reconocida sona de lambón, que recuncou catro veces ós callos, a rego cheo, papou os seus toros de merluza, que non eran pequenos, e levou envoltos seis toros máis dos seus compañeiros, ¡que tamén comeu antes de autuar!

Xa cantando o coro, o director douse conta que ese corista non abría a boca. Rematada a peza, o director, con non moi boa cara, preguntoulle:

— ¿Qué che acontece? ¿Por qué non cantas?

— Porque... non podo. Non sei qué teño.

— ¿Non sabes qué tes? Pois eu sí: eres tan lampantín, que pola boca e hastra polos ollos, estánseche vendo os garbanzos, os callos, a merluza e o viño que papache. ¡Eres un animal! E vaite daquí, que teño medo que estoupes.

ESQUENCEMENTOS

Hai esquencementos incomprendisbres que soio tendo en conta a franqueza humán poden ser xustificados. Por moito que o home pense, traballe e teime, decote se ha de esquencer de algo. Velehí unha mostra.

Na festa do «Día do Corista», celebrada no Pazo de Oca en Xulio de 1970, os directivos encargados habían programado os autos e o xantar tan miudamente, que hastra o máis cativo detalle tiñan previsto.

Todo saéu mellor do que eles mesmos agardaban: a Ofrenda, o traslado, a Misa no Pazo, o auto académico, o xantar, con 225 persoas...

Pro... houbo un fallo, un esquencemento, do que naide se dou conta, porque foi arranxado, con apuros, pro moi axiña.

Chegou a hora de servir o postre, e alguéun indicou que pra non perder tempo, xa se podía ir quentando o café.

O café buscouse, pro non apareceu. Habiase feito en Santiago, mais ningúen foi a recollelo.

Mentras houbo os discursos, entrega de regalos, insinias, un directivo foi a buscalo a Santiago e chegou con él antes de que se decataran do lerio.

* * *

Nas nosas Bodas de Ouro, habíasel rogado a tódalas Agrupacións invitadas á festa do «Día da Confraternidade» que trouxeran coroas ou ramallos de froles pra facer unha ofrenda a Rosalía Castro diante do seu moimento.

Tódolos grupos acollerón moi ben a idea e viñeron cas suas froles. «Cantigas e Agarimos» encargóu un fermoso ramo con unha fita adicada.

Chegóu o intre, e cada grupo era chamado pra ir deixando a sua ofrenda ós pes da nosa Cantora. Cando lle chegou o turno á nosa Agrupación, veuse que o noso ramo naide o había levado, que se esquencerase de recollelo.

Bo foi que un dos coros, que non chevara ainda, tiña alí a sua coroa, que a encargara en Santiago, e botando man dela fixose a ofrenda sin que naide se dera conta.

O noso ramo foise poñer ó outro día.

COUSAS DO DEMO

O demo é tendeiro e argallante. Onde él mete o fuciño, as cousas non poden ir ben. Velehí por qué se lle dou.

Concedida unha Medalla «Marcial del Adalid», un directivo foi comisionado pra facer o encargo da mesma nunha pratería da Cruña, que é a depositaria do troquel.

Non estaba o responsabre direito da pratería e o directivo fixo o encargo a un empregado, deixándolle unha nota cas suas señas en Santiago, pra que o chamasen ou escribisen, si fixese falta. En papel aparte deixoulle tamén o nome do corista galardonado pra ser grabado na Medalla.

Cando dous días antes da entrega foron a buscar a Medalla, atopáronse con que o nome que o prateiro lle puxera, era... jo do directivo que fixera o encargo!



Caja de Ahorros de Santiago

Fundada en 1880

Oficinas Centrales: Montero Ríos, 7

Teléfono : Centralilla (5 líneas) = 59 08 00 / 04 / 08 / 12 / 16

Telégrafo : AHORRO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Utilice los nuevos servicios de:

CAJA AUTOMATICA, AUTO CAJA,

BUZON NOCTURNO Y APARCAMIENTO.

AHORRO, CUENTAS CORRIENTES,

MONEDA EXTRANJERA, DOMICILIACIONES, ETC., ETC.

Y, además,

un incomparable SERVICIO DE CREDITO.

¡Conozca la Obra Social y Cultural de la CAJA!

CAJA DE AHORROS DE SANTIAGO



CAJA DE AHORROS CONFEDERADA



NO ANO SANTO COMPOSTELÁN DE MCMLXXI

SENDO PRESIDENTE

ALVARO CASTRO FAYA

A AGRUPACION "CANTIGAS E AGARIMOS"

CELEBROU CON TODA SOLENIDADE

O L ANIVERSARIO DA SVA FUNDACION

GRACIAS, A

CAIXA DE AFORROS DE SANTIAGO

EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL DA CRUÑA

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO

EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

XVNTA CENTRAL DO ANO SANTO 1971

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO

HOSTAL DOS REISES CATÓLICOS

BANCO DE CRÉDITO E INVERSIONES

SOCIEDADE COMPOSTELÁN DE FESTEXOS

RVDA. COMUNIDAD DE PP. FRANCISCANOS

BODEGAS ARNOYA —OVRENSE— VIÑOS «OVRO»

BODEGAS LLOVES —SANTIAGO—

COCA-COLA (BEGAMO, S. A.)

AMORTIGUADORES «JUNIOR»

SERRERIAS BOVZAS —A GÁNDARA— SERGVDÉ

MADEIRAS «FINSA»

«EL CORREO GALLEGO»

«LA VOZ DE GALICIA»

RADIO GALICIA

COLEXIO «MANVEL PELETEIRO»

* * *

PRA PERPETVA LEMBRANZA

REXISTRO XENERAL

Escribiron pra esta Memoria:

	Páxinas
D. Alvaro Castro Faya.	5
Mons. D. Xosé Cerviño Cerviño.	6
D. Francisco Luis López Carballo.	7
D. Anxel Xosé Porto Anido.	9
D. Xoán Gil Armada.	10
D. Xesús Precedo Lafuente.	11
D. Ramón Otero Pedrayo.	13
D. Adolfo Anta Seoane.	14
D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.	16
D. Rodolfo López Veiga.	76
D. Xosé Pumar Gándara.	84
D. Crisanto Sanmartín Beiroa.	
D. Antón Santamaría.	

Fotos: FERNANDO

SANDINE

NOVOA

SANTISO

Xesús FERRIN

Xesús SUEIRO

Archivo de «Cantigas»

GUIEIRO

	Páxinas
Lembranza.	3
Xustificación.	5
Sr. Obispo Vicario Capitular.	6
Sr. Alcalde.	7
Sr. Presidente da Diputación Provincial.	8
Sr. Marqués de Figueroa.	10
Peregrinando con «Cantigas».	11
Evocación Compostelán.	13
Bodas de Oro de «Cantigas».	14
Agradecemento a «Cantigas».	16
XEira preparatoria.	17
Presidente e Direitor Caixa de Aforros.	22
Xunta de honor das Bodas.	25
Xunta Rexidora e Colabouradores.	26
Desenrolo dos Autos programados.	28
«Día da Confraternidade».	33
Relación de Coristas.	49
Distincións pra «Cantigas».	50
Anacos dunha Vida de 50 anos.	53
Bernardo del Río.	62
Rosendo Mato Hermida.	67
Bailadores de «Cantigas».	71
Gaiteiros de «Cantigas».	73
Medallas «Marcial del Adalid».	75
Teatro Galego.	76
Xesús San Luis Romero.	81
Poesía en catalán.	83
Dende Vasta-Vales.	84
Lembranzas por merecimentos.	85
Francisco Parra Llorente.	86
Partituras adicadas a «Cantigas».	87
Soneto a «Cantigas».	87
Istitución exemplar.	88
Sin remexer, no pote dos anos.	89
Pra perpetua lembenza.	95



Feito nos Obradoiros Gráficos
do SEMINARIO de Santiago